

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE DECEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autorizan a sinatura e o establecemento dos pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nos convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e cincuenta e sete (57) federacións deportivas galegas, para a promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas, por un importe total de cinco millóns douscentos noventa mil catrocentos oitenta e oito euros (5.290.488,00 €), tramitados como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (na actualidade Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón número 5 do Ifevi, durante a anualidade 2026, por un importe de cento vinte mil euros (120.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Valga para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), nun 80 % do gasto elixible no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e nun 60 % do gasto elixible no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, por un importe de dous millóns novecientos cincuenta e sete mil trescentos corenta e un euros con corenta e catro céntimos (2.957.341,44 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de San Cristovo de Cea para a execución da actuación de posta a punto da estación depuradora de auga residual de San Cristovo de Cea (Ourense), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, por un importe dun millón trece mil novecentos trinta e tres euros con sesenta e seis céntimos (1.013.933,66 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2025, por un importe total de dous millóns oitocentos dez mil euros (2.810.000,00 €), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención concedida.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, das obras de construción do novo centro de coidados intermedios no antigo Hospital de Rebullón, no Concello de Mos, Pontevedra, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, procedemento aberto con tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: once millóns seiscientos sesenta e cinco mil seiscientos un euros con catorce céntimos (11.665.601,14 €). Valor estimado: nove millóns seiscientos corenta mil novecentos noventa e dous euros con sesenta e oito céntimos (9.640.992,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta ás recollidas na normativa de subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade de casas do maior, en réxime de concorrência non competitiva, para os anos 2026 e 2027, e se realiza a súa convocatoria, con tramitación anticipada do gasto e cun importe total de dez millóns trescentos vinte e tres mil euros (10.323.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, así como de proxectos de información, prevención e sensibilización en materia de trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2026, con tramitación anticipada do gasto e cun importe de oitocentos cincuenta e cinco mil euros (855.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga Plena Inclusión Galicia), para a execución dun proxecto de obras de conservación, mantemento e dotación de investimentos destinado as súas entidades federadas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, cun importe total de setecentos cincuenta mil euros (750.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de evolución da plataforma de administración electrónica xudicial de Galicia, cofinanciado pola Unión Europea nun 60 % con cargo ao Programa de Galicia Feder 2021-2027, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de dous millóns seiscientos vinte e cinco mil cincocentos setenta e nove euros (2.625.579,00 €) e un valor estimado de cinco millóns douscentos sete mil setecentos sesenta euros (5.207.760,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, treito Nadela-A Pobra de San Xiao, cun orzamento base de licitación de trinta e sete millóns trescentos oitenta e un mil trescentos cincuenta e dous euros con corenta e un céntimos (37.381.352,41 €) e un valor estimado de trinta millóns oitocentos noventa e tres mil seiscientos setenta e nove euros con sesenta e oito céntimos (30.893.679,68 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 43 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela M-IVA-16 do Plan parcial de San Paio de Navia, no concello de Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación e un valor estimado de sete millóns corenta e seis mil cento oitenta e tres euros con oitenta e catro céntimos (7.046.183,84 €) sen IVE, tratándose dun suposto de investimento de suxeito pasivo de IVE, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas públicas de titularidade municipal e se convocan para o ano 2026, con carácter plurianual, por un importe de dous millóns cento sesenta e dous mil catrocentos setenta e sete euros (2.162.477,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da licitación, por tramitación anticipada de gasto, dos contratos dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra para o cambio de uso de locais a vivendas de promoción pública (VPP) na Coruña e Sada (A Coruña), por lotes, e cun importe de setenta mil cincuenta e nove euros con vinte e catro céntimos (70.059,24 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación, por tramitación anticipada de gasto, dos contratos de obras de rehabilitación de 7 edificios nos concellos de Ferrol, Lugo e Ribadeo, por lotes, e cun importe de catro millóns cento setenta e sete mil douscentos catorce euros con noventa e un céntimos (4.177.214,91 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesiva dos medicamentos de inmunoterapia oncolóxica para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de cento dez millóns cento quince mil noventa e un euros con noventa e nove céntimos (110.115.091,99 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos intracentro de todos os locais e instalacións interiores e exteriores do Hospital Público de Monforte, centro pertencente á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un importe total de licitación de catro millóns douscentos noventa e un mil seiscentos vinte e tres euros con noventa e oito céntimos (4.291.623,98 €) con IVE e un valor estimado de sete millóns noventa e tres mil cincocentos noventa e tres euros con trinta e seis céntimos (7.093.593,36€), con tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación, por parte da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente aéreo, mediante procedemento aberto e tramitación urxente, por un importe de cincuenta e cinco millóns seiscentos sesenta e sete mil oitocentos vinte e oito euros con noventa céntimos (55.667.828,90 €) e un valor estimado de sesenta e seis millóns oitocentos un mil trescentos noventa e catro euros con sesenta e oito céntimos (66.801.394,68 €). O expediente tramítase como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América en materia de cultura, por un importe total de trescentos un mil douscentos oito euros con vinte e sete céntimos (301.208,27 €). O expediente tramítase como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e para exonerar de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que aproban as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, e se convocan para o ano 2026, por un importe total de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego do Consumo e da Competencia a superar a porcentaxe en pagamentos á conta, na Resolución pola que se establecen, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, e se efectúa a súa convocatoria para o ano 2026, por un importe de noventa e tres mil noventa e catro euros con corenta céntimos (93.094,40 €).
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego do Consumo e da Competencia a superar a porcentaxe en pagamentos á conta, na Resolución pola que se establecen, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión dunha bolsa de formación en materia de promoción e defensa da competencia e se realiza a súa convocatoria para o ano 2026, por un importe de once mil seiscentos trinta e seis euros con oitenta céntimos (11.636,80 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para realizar as actuacións e traballos necesarios para elaborar as táboas *input-output* da pesca-conserva galega de 2025, por un importe total de cento trinta e dous mil cento dezaoto euros con noventa e sete céntimos. (132.118,97 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (Anfaco-Cecopesca) para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros no ano 2026, como expediente anticipado de gasto e por un importe total de cento noventa e oito mil catrocentos corenta euros (198.440,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de presentar garantías para conceder anticipos por un valor de ata o 25 % do importe do Plan de produción e comercialización (PPeC) aprobado á entidade beneficiaria para o ano 2025, como adianto da axuda que proceda conceder ao abeiro da Orde pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA), executado no ano 2025 e coa posibilidade de conceder anticipos, que ten consignado un importe total de tres millóns seiscentos mil euros (3.600.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe balance dos concertos do Xacobeo 2025.
- Informe sobre o Plan director de patrocinios do Xacobeo 2027.
- Informe sobre a situación das axudas das distintas consellerías pola vaga de lumes do verán.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a convocatoria para o ano 2026 de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), así como a actuacións de identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade (Programa PIMA adapta refuxios climático).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as alegacións da Xunta de Galicia á proposta de planificación da rede de transporte de enerxía con horizonte 2030.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de douscentos vinte e seis mil setecentos setenta e cinco euros con setenta e un céntimos (226.775,71 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o impacto asistencial da folga nacional de médicos contra a reforma do Estatuto Marco que promove o Goberno de España sobre a actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA 2026 COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS CUN IMPORTE DE 5,3 M€

- Os acordos apróbanse como anticipados de gasto para facilitar a xestión por parte das federacións deportivas
- Estas axudas súmanse a outras vías de financiamento público que as federacións recibirán o vindeiro ano
- O Consello do Goberno galego autoriza tamén a sinatura do convenio coa Fundación Instituto Feiral de Vigo para a coordinación e mantemento do módulo cuberto de atletismo

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas de Galicia, e que suporá un investimento de 5,3 millóns de euros. En total, son 57 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade.

Os convenios anuais de colaboración non son a única vía de financiamento autonómico das federacións deportivas galegas, que tamén teñen acceso aos contratos de patrocinio dos eventos deportivos excepcionais e á convocatoria de axudas a equipamento. Atendendo a todas as vías de financiamento, as axudas públicas autonómicas ás federacións ascenderon a 7 millóns de euros en 2025, cantidade que se prevé sexa similar en 2026.

O Consello tamén aprobou a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan gozar do 90 % do pagamento de xeito anticipado.

Os convenios son subscritos atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 57 convenios autorizados hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (23.800 euros), aeronáutica (16.126 euros), atletismo (335.501 euros), automobilismo (73.367 euros), bádminton (138.862 euros), baile deportivo (39.446 euros), baloncesto (332.324 euros), balonmán (259.244 euros), béisbol e sófbol (18.215 euros), billar (25.057 euros), birlos (27.513 euros), boxeo (39.912 euros), caza (37.921 euros), colombicultura (3.910 euros), colombofilia (9.118 euros), deporte adaptado (95.963 euros), deportes autóctonos (21.319 euros), deportes de inverno (9.544 euros),

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

esgrima (38.462 euros), espeleoloxía (19.602 euros), esquí náutico (9.910 euros), fútbol (319.449 euros), golf (55.368 euros), halterofilia (74.210 euros), hípica (80.313 euros), hóckey (75.235 euros), judo e deportes asociados (177.245 euros), karate e deportes asociados (91.923 euros), kickboxing (25.541 euros), kung-fu (39.674 euros), loita e deportes asociados (130.000 euros), montañismo (37.065 euros), motociclismo (67.908 euros), motonáutica (42.953 euros), natación (213.773 euros), orientación (30.815 euros), pádel (42.535 euros), patinaxe (68.547 euros), pelota (12.211 euros), pesca e casting (17.028 euros), petanca (15.169 euros), piragüismo (484.352 euros), remo (147.300 euros), rugby (58.818 euros), salvamento e socorrismo (29.024 euros), squash (79.312 euros), surf (47.372 euros), taekwondo (149.062 euros), tenis (133.599 euros), tenis de mesa (50.641 euros), tiro con arco (60.637 euros), tiro olímpico (49.022 euros), triatlón e pentatlón moderno (188.472 euros), vela (347.961 euros), voleibol (99.716 euros), xadrez (67.700 euros) e ximnasia (105.422 euros).

Actividades deportivas no Ifevi

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais, así como as actividades de mantemento, limpeza, uso, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón número 5 do Ifevi, na cidade de Vigo, durante a anualidade 2026, por un importe de 120.000 euros.

O módulo de atletismo do Ifevi foi construído entre 2022 e 2023 pola Xunta de Galicia, e ascendeu a execución da obra a 386.009 euros. Desde entón, a Secretaría Xeral para o Deporte asina anualmente un convenio co Ifevi para a coordinación de actividades e mantemento da instalación que dá servizo ao atletismo vigués.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A PRETO DE 3 M€ O INVESTIMENTO NAS OBRAS DA ÁREA DE INUNDACIÓN DOS RÍOS ULLA E SAR, EN VALGA, CO FIN DE EXECUTAR UNHA INTERVENCIÓN INTEGRAL

- O Consello autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio co Concello que incrementa o orzamento en máis de 1,7 millóns de euros co obxectivo de incorporar actuacións adicionais coas cales mellorar o comportamento dos ríos Valga e Soutiño
- A vixencia do acordo amplíase ata setembro de 2029 ante o alcance das intervencións, que afectan zonas sensibles e a trama urbana e reforzan a funcionalidade das xa previstas optimizando a resposta nesta área con risco de asolagamentos
- Os traballos aumentarán a seguridade fronte a desbordamentos, a resiliencia do territorio ao cambio climático e a protección dos núcleos de poboación que están situados en contornas susceptibles de sufrir alagamentos

A Xunta de Galicia eleva a preto de 3 millóns de euros o investimento nas obras da área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) dos ríos Ulla e Sar, en Valga, co fin de executar unha intervención integral que minimize os asolagamentos e o seu impacto nas construcións e infraestruturas existentes na contorna.

O Consello autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio co Concello de Valga que incrementa o orzamento en máis de 1,7 millóns de euros co obxectivo de incorporar actuacións adicionais coas cales mellorar o comportamento dos ríos Valga e Soutiño. A finalidade é incrementar a súa capacidade de desaugamento para reducir o risco de que se produzan desbordamentos.

O convenio inicial entre as partes –asinado en 2021– establecía a mellora do espazo fluvial do río Louro, a protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso polo núcleo urbano municipal e intervencións na zona entre o ferrocarril e a rúa Devesa. Destas tres actuacións, as dúas primeiras xa están executadas tras realizar un investimento conxunto superior aos 700.000 euros.

A necesidade de acometer actuacións adicionais nos ríos Valga e Soutiño constatouse durante a redacción do proxecto para a mellora do río Valga entre o ferrocarril e a rúa Devesa –que inclúe a demolición e a reconstrución dunha ponte–, pois evidenciou que o comportamento dos caudais en episodios de choiva intensa seguía condicionado por estrangulamentos situados tanto augas arriba como augas abaixo.

Ante esta situación, decidiuse realizar unha actuación complementaria –mellora hidráulica dos ríos Valga e Soutiño–, que se considera estratéxica pois busca optimizar o seu desaugamento, aumentar a sección útil das canles e mellorar o comportamento fronte a episodios de riadas. Estas intervencións complementan e reforzan a funcionalidade das obras xa previstas, o que permite dar unha resposta integral, máis robusta e coordinada en toda a ARPSI.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fondos europeos

A inclusión destes traballos adicionais, xunto cos custos asociados ás obras en curso, as direccións facultativas, as medidas preventivas e a certificación final, elevan o investimento total necesario ata arredor de 2,96 millóns de euros, cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), nun 80 % no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e nun 60 % ao abeiro do Feder Galicia 2021-2027.

Ao mesmo tempo, dado o alcance das intervencións hidráulicas –que afectan zonas sensibles e a trama urbana– amplíase a vixencia do convenio ata setembro de 2029, polo que se dá marxe para completar a licitación das actuacións pendentes, a execución das obras e os trámites finais de entrega e recepción por parte do Concello.

A addenda supón ampliar o obxecto do convenio para abordar de maneira integral e eficaz a redución do risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, co resultado dunha mellora substancial na seguridade fronte a algamentos, na resiliencia do territorio ante o cambio climático e na protección dos núcleos de poboación situados en contornas con risco de asolagamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA IMPULSARÁN A RENOVACIÓN E A POSTA EN MARCHA DA DEPURADORA MUNICIPAL CUN INVESTIMENTO DE 1 M€

- O Consello autoriza o convenio de colaboración que permitirá executar as obras, cuxo obxectivo é corrixir as deficiencias das instalacións actuais e substituír gran parte dos elementos deteriorados para poder cumprir os límites de vertedura
- En virtude do acordo, cunha vixencia inicial ata finais do ano 2028, Augas de Galicia asumirá o 80 % do custo da actuación e o Goberno local, o 20 % restante
- Trátase dunha das intervencións hidráulicas de maior alcance comprometidas polo Goberno autonómico na provincia, que suman en total inversións por 8,5 M€

A Xunta de Galicia e o Concello de San Cristovo de Cea impulsarán a execución da obra de renovación e posta en marcha da estación depuradora de augas residuais (EDAR) que dará servizo a este municipio ourensán. Cun investimento estimado en algo máis de 1 millón de euros (1.013.933,66 euros), o Consello autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións que permitirá resolver as deficiencias técnicas que presenta a actual infraestrutura municipal, así como dotala de sistemas tecnolóxicos que garantan un funcionamento automatizado e eficiente.

Entre as actuacións que se van executar no marco deste proxecto, cómpre sinalar que se intervirá sobre a liña de auga (que dá entrada ao material residual na depuradora e que se ocupa do seu tratamento) para substituír as dúas bombas actuais, instalar un novo caudalímetro e construír tamén unha arqueta nova provista de dúas canles, ademais de intervir no sistema de pretratamento das augas residuais.

No que respecta á liña de lodos da nova EDAR, está previsto tamén o cambio das bombas de recirculación existentes e da destinada á purga dos lodos, ao tempo que se substituirá o equipo de deshidratación manual existente por outro automático.

Así mesmo, as obras proxectadas tamén incluírán outros traballos de acondicionamento e mellora das instalacións como, por exemplo, limpeza e impermeabilización interior das principais estruturas e rehabilitación do edificio de explotación; instalación dun sistema de xestión (SCADA) e substitución do cadro eléctrico da depuradora e da cablaxe aos equipos; e adecuación do camiño que dá acceso á EDAR.

Cómpre lembrar que actualmente San Cristovo de Cea dispón dunha estación depuradora parada desde hai tempo, coa conseguinte deterioración dos seus elementos. Por este motivo, a actuación permitirá corrixir moitas das deficiencias que presenta actualmente e substituír gran parte dos elementos da actual EDAR co obxectivo de poder poñela en marcha de novo e garantir a calidade requirida das augas de vertedura.

En virtude do acordo de colaboración autorizado hoxe (que terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2028), a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, asumirá o 80 % do custo da actuación —811.246,93 euros,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)— e o Goberno local, o 20 % restante (202.686,73 euros). Unha vez asinado o convenio, a licitaranse as obras co obxectivo de que poidan comezar o ano próximo.

A obra da depuradora de San Cristovo de Cea é unha das intervencións hidráulicas de maior alcance comprometidas este ano polo Goberno autonómico na provincia de Ourense. De feito, a Xunta avanza na mellora das redes de abastecemento e de saneamento nos concellos ourensáns a través da planificación e execución de 11 intervencións importantes e varias obras de menor envergadura pero que tamén teñen un impacto notable no funcionamento destes servizos.

Deste xeito, búscase mellorar a xestión dos recursos hídricos nesta provincia (que pertence maioritariamente á Confederación Hidrográfica Miño-Sil) e o seu estado ambiental, o que favorece tamén o desenvolvemento de actividades económicas ligadas a eles, como a pesca ou o turismo, e o benestar e calidade de vida da poboación.

Tal e como se informou ao Consello a finais do pasado mes de outubro, o investimento total estimado para a execución deste paquete de actuacións ascende a 8,5 millóns de euros, contía cofinanciada con fondos propios da Xunta (aproximadamente nun 51 %), europeos e municipais.

Colaboración cos concellos

A actuación en San Cristovo de Cea enmárcanse tamén na colaboración que mantén Augas de Galicia coas entidades locais —que son as competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías da Comunidade e mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

Así, ese compromiso cos gobernos municipais plasmouse este ano no orzamento de Augas de Galicia e manterase en 2026 cunha partida global de 151,7 millóns de euros (un 5,5 % máis que en 2025), dos cales 7 de cada 10 euros se destinarán a abastecemento e saneamento —108,7 M€— e case a metade —73,6 M€—, especificamente a investimentos para mellorar ou construír infraestruturas hidráulicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONSTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE EI3 EN FERROL A TRAVÉS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS

- O Consello da Xunta aproba o convenio para destinar á Universidade da Coruña 2,81 M€ para comezar a edificación no campus ferrolán
- O Goberno galego investirá 5,62 M€ neste centro, a través de dúas anualidades do plan, e o resto financiarase a través de fondos europeos
- Este acordo súmase ao aprobado hai dúas semanas, a través do cal se arranxarán diversos edificios da Universidade na cidade herculina

A Xunta de Galicia impulsará a construción do novo Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3 no Campus de Ferrol a través do Plan de infraestruturas universitarias. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio para achegar á Universidade da Coruña 2,81 M€ co fin de iniciar as obras deste edificio, que vén consolidar a especialización do Campus Industrial de Ferrol, o primeiro que foi acreditado como tal en España. A previsión da UDC é licitar a obra, situada na avenida de Esteiro, no primeiro semestre de 2026 e rematala a finais de 2029.

Trátase dunha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contará co equipamento singular necesario e permitirá a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da Industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño.

O obxectivo é liderar iniciativas tractoras nas áreas de especialización do Campus Industrial de Ferrol, como a enxeñaría naval e *offshore*, a robótica, a xestión de procesos industriais ou hidróxeno verde aplicado ao sector marítimo, entre outras.

O custo estimado total do edificio é de 15M €. Para garantir o desenvolvemento económico do proxecto, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destinará un investimento de 5,6 M€ para o EI3 a través de dúas anualidades do Plan de infraestruturas universitarias, a presente e a do ano 2026. A contía restante ata completar os 15 M€ necesarios canalizarase a través de fondos europeos.

Con este novo convenio a Xunta eleva a 8,43 M€ a achega á UDC no marco deste plan. O importe dos convenios de 2023 e 2024, de 2,81 M€ cada ano, destínase a tarefas de mantemento en diferentes edificacións da UDC. En concreto, o correspondente a 2024, aprobado no pasado Consello da Xunta, permitirá rehabilitar o Edificio Tenreiro na Escola Técnica Superior de Náutica de Máquinas, acondicionar o Pavillón de Colonias da Facultade de Fisioterapia e a aula de estudo Xoana Capdevielle, entre outras actuacións.

O convenio de 2025 destínase ao EI3 e a achega á Universidade da Coruña no marco do Plan de Infraestruturas completárase en 2026 cunha nova anualidade do mesmo importe tamén destinada ao centro de investigación ferrolán, ata sumar un total de máis de 11,24 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan de infraestruturas universitarias

O Plan de infraestruturas universitarias da Xunta abrangue o período 2023-2026, no cal a Xunta inxecta ás tres institucións académicas públicas un total de 40 M€. Isto supón mobilizar 100 M€ ata 2026 para abordar diferentes necesidades de rehabilitación e construción de novos edificios modernos e adaptados aos retos de futuro.

A través del acométense obras de tanta importancia como a construción deste centro en Ferrol, da nova Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo no Campus de Ourense ou a rehabilitación do edificio Siemens na ETEA (Vigo) para convertelo no Centro de Investigación Mariña (CIM).

Este investimento súmase, como unha cantidade adicional, ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026. Engádese, ademais, ao convenio asinado en 2021 por un importe de 4,5 M€, para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias como anticipo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA AS OBRAS DO NOVO CENTRO DE COIDADOS INTERMEDIOS NO ANTIGO HOSPITAL DE REBULLÓN, EN MOS

Investiranse 11,6 M€ neste novo equipamento dirixido a persoas maiores que recibiron a alta hospitalaria pero seguen precisando de coidados específicos antes de regresar ás súas casas ou a un centro residencial

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de construción do novo centro de coidados intermedios público no concello de Mos, que se emprazará no antigo hospital de Rebullón. O orzamento desta actuación é de 11,6 millóns de euros procedentes de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (NextGenerationEU) e o seu prazo de execución é de 18 meses, a partir do inicio dos traballos.

Este centro destinarase a atender a persoas maiores que recibiron a alta hospitalaria pero seguen precisando de coidados específicos antes de regresar ás súas casas ou a un centro residencial. Deste modo, continúaase a súa atención desde o ámbito social, facilitándose a recuperación logo de postoperatorios longos que precisan de rehabilitación.

Este novo equipamento terá unha capacidade de 58 prazas e disporá dunha serie de zonas claramente diferenciadas e independentes entre si: área de espazos comúns, área de servizos xerais, área de coidados sociosanitarios e área residencial. Tamén contará con zonas axardinadas para os seus usuarios e cun aparcamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A REDE DE CASAS DO MAIOR CUNHA NOVA ORDE DE AXUDAS QUE GARANTE A SÚA CONTINUIDADE

- Destínanse 10,3 M€ os vindeiros dous anos para manter a actividade dos 137 recursos deste tipo que hoxe están en funcionamento
- A contía da achega por equipamento é de 25.400 euros ao ano, máis complementos por desprazamento das persoas usuarias, por baixas de maternidade e paternidade da persoa encargada ou por outras baixas de longa duración
- Axiña abrirán 20 novos proxectos, que se están poñendo en marcha ao abeiro da convocatoria de axudas deste exercicio

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria dunha nova orde de axudas para dar continuidade ás 137 casas do maior en funcionamento desde o ano 2018, o que suporá que 685 persoas poidan seguir tendo acceso a atención gratuíta na súa contorna. O orzamento desta liña de subvencións para o período 2026-2027 é de 10,3 millóns de euros.

A contía da achega por casa do maior é de 25.400 euros anuais, que están dirixidos a apoiar o desenvolvemento do proxecto e que se ingresarán de maneira anticipada na súa totalidade. A esta axuda súmase un máximo de dez euros por persoa e día no caso das persoas promotoras que asuman o desprazamento das persoas usuarias ao equipamento.

Así mesmo, mantense un complemento de 150 euros semanais nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa encargada do recurso durante o tempo que dure a baixa. Este mesmo complemento aboarase noutros casos de baixa de longa duración a partir da terceira semana da baixa e cun límite de catro semanas.

Unha vez aprobada esta orde de subvencións polo Consello da Xunta, o seguinte paso será a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para abrir, aos cinco días seguintes desta, o prazo dun mes para solicitar acollerse a estas axudas.

Esta convocatoria pública de axudas ten como obxectivo consolidar a rede de casas do maior. De feito, á actual sumaranse entre finais deste ano e principios do que vén 20 novas instalacións, que se están poñendo en marcha ao abeiro da convocatoria de axudas deste exercicio de 2025, publicada o mes de maio pasado. Así, a comunidade contará axiña con preto de 160 servizos deste tipo en activo e arredor de 800 prazas de balde para o coidado das persoas maiores.

Coidados individualizados en horario flexible

As casas do maior son recursos de proximidade que lles garanten aos maiores do rural ter acceso a unha atención individualizada sen saír da súa contorna e cen por cen gratuíta. Cada unha delas atende un máximo de cinco persoas usuarias e estes coidados comprenden a manutención, a hixiene e o desenvolvemento de actividades de lecer e cognitivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, préstase nun máximo de oito horas diarias de luns a venres en horario flexible e durante todo o ano, agás os días festivos e o mes de vacacións, durante o cal o equipamento permanecerá pechado por vacacións.

A Xunta aposta por continuar estendendo as casas do maior por todo o territorio galego porque melloran a calidade de vida das persoas maiores, facilitan a conciliación das familias e axudan a fixar poboación no rural e a dinamizar a economía dos concellos en que se asentan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 855.000 EUROS A LOITA DAS ENTIDADES SOCIAIS CONTRA A TRATA E A EXPLOTACIÓN SEXUAL

- Aprobouse unha nova convocatoria de subvencións con dúas liñas de axudas para financiar proxectos para a recuperación e integración sociolaboral das persoas nesta situación, así como accións de información, prevención e sensibilización
- O importe máximo de cada achega pode chegar aos 80.000 euros

O Consello da Xunta aprobou unha nova convocatoria de axudas para 2026 dirixida a entidades de iniciativa social para combater a trata e a explotación sexual. Esta orde dispón de 855.000 euros de orzamento repartidos en dúas liñas de axuda.

A primeira delas conta cun crédito de 675.000 euros, un 50 % máis que na convocatoria anterior, e está cofinanciada pola Unión Europea dentro do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Estes fondos destinaranse a financiar proxectos que teñan como obxectivo a recuperación e a integración sociolaboral das vítimas.

Así, entre as actuacións que se inclúen nesta liña de axudas están a atención inmediata; o asesoramento xurídico, laboral e social e programas a pé de rúa que desenvolvan as entidades. O importe máximo de cada axuda nesta liña será de 80.000 euros e prevese beneficiar arredor de 900 persoas.

O orzamento da liña 2 é de 180.000 euros, procedentes de fondos finalistas do Estado, no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade. Neste caso, a contía máxima por subvención é de 18.000 euros. As entidades de iniciativa social poderán empregar este diñeiro en proxectos de información, prevención e sensibilización, tales como a elaboración de material informativo e didáctico, de aplicacións para teléfonos móbiles, de páxinas web, a divulgación de estudos e investigacións ou a realización de cursos de formación.

As subvencións desta segunda liña tamén se poderán destinar a axudas económicas directas para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación e hixiénico-sanitarios; para os casos de urxente desamparo ou para cubrir gastos ocasionados polos traslados como consecuencia dos procesos xudiciais derivados da situación de explotación sexual ou trata das vítimas. A estimación é que os programas e accións que se sufraguen con esta segunda liña de achegas terán un alcance aproximado de 3.000 persoas.

Unha vez aprobada a convocatoria polo Consello da Xunta publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, que se prevé no vindeiro mes de xaneiro.

Compromiso coas vítimas

Esta convocatoria de axudas enmárcase no compromiso do Executivo autonómico na atención das vítimas de trata. Galicia é pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra este delito, coa sinatura en xaneiro de 2010, e actualizada en 2012, do protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta sobre a adopción de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Así mesmo, o día 4 agosto de 2022 o Consello da Xunta aprobou o primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada a estas situacións e contribuír á súa erradicación. O segundo plan autonómico nesta materia está previsto que se aprobe ao longo do vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO DESTINA 750.000 EUROS Á MELLORA DE CENTROS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

O Consello da Xunta autoriza un convenio con Fademga Plena Inclusión para financiar actuacións en recursos xestionados por entidades sociais que forman parte desta federación

O Consello da Xunta de hoxe deu o seu visto e praxe á firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do desenvolvemento (Fademga Plena Inclusión Galicia). O seu orzamento é de 750.000 euros procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (NextGenerationEU).

O obxectivo deste convenio é reforzar a atención ás persoas con discapacidade, a través da posta en marcha de obras de mellora e mantemento dos centros e recursos que xestionan as entidades que forman parte de Fademga Plena Inclusión Galicia. Con estes fondos tamén se subvencionará a adquisición de equipamento. Todas as actuacións que se financien no marco deste convenio terán que estar listas entre o que resta deste ano e o que vén.

Este acordo enmárcase na firme aposta do Goberno galego por mellorar en cantidade e calidade a rede actual de centros de atención á discapacidade. Ao respecto, só nos últimos tres anos a Xunta destinou máis de 30 millóns de euros á reforma ou creación de novos recursos das entidades sociais, co fin de poñer a disposición das persoas con discapacidade máis prazas de atención residencial e diúrna.

Nesta liña, destaca a orde de axudas plurianual para o período 2022-2025 coa que se apoiaron proxectos de dez entidades sociais, así como distintos convenios para o financiamento de obras en recursos e centros do tecido asociativo.

Entre as actuacións sufragadas por medio destes convenios están: a residencia da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal situada nas Pontes, o centro de atención diúrna para persoas con discapacidade física da Asociación Adapta en Ponteareas, unha nova residencia para persoas con autismo en Friol ou a nova sede central de Cogami e a ampliación do centro de día de Dano Cerebral, os dous recursos emprazados en Santiago de Compostela.

A estes investimentos engádese o reforzo das subvencións a entidades sociais que a Administración autonómica concede a través do 0,7% do IRPF para a reforma ou creación de centros, así como á compra de equipamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADAPTA A SÚA PLATAFORMA XUDICIAL ELECTRÓNICA AO MODELO DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO INTELIXENTES

- O Consello aproba destinar máis de 2,6 millóns de euros á contratación deste servizo ata 2028
- Permitirá adecuar a forma en que funciona o sistema ás necesidades do novo contexto de tecnoloxías como a intelixencia artificial
- Os cambios teñen tamén como obxectivo a adaptación á nova lexislación estatal e ao novo sistema de xestión procesal Atenea
- Cidadanía e profesionais disporán dunha Carpeta xustiza na sede xudicial electrónica e no portal eXustiza para recibir e consultar toda a información que lles afecte

O Consello da Xunta aprobou hoxe a contratación do servizo de evolución da Plataforma de Administración electrónica xudicial de Galicia, por un importe de máis de 2,6 millóns de euros ata 2028, que adaptará o sistema ao modelo de Administración e Goberno intelixentes.

O novo contexto, caracterizado polo uso de tecnoloxías como a intelixencia artificial ou a orientación ao dato, fan necesaria a evolución da plataforma tecnolóxica que utiliza o sistema xudicial de Galicia. Ademais, os cambios normativos derivados do plan Xustiza estatal e a implantación do novo sistema de xestión procesal Atenea fan tamén necesarios os cambios.

O servizo inclúe a evolución integral da forma en que está configurada e funciona actualmente a plataforma para a súa simplificación e para que sexa tecnoloxicamente compatible co novo sistema de xestión procesal Atenea, que desenvolve o Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, e que se porá en marcha despois de xullo de 2026. Esta compatibilidade é necesaria para o funcionamento de toda a xustiza dixital nesa contorna común.

Tamén permitirá mellorar o visor do expediente xudicial electrónico, que será dotado de ferramentas de busca e consulta máis avanzadas e intuitivas con tecnoloxías de explotación semántica da información.

Está prevista, así mesmo, a evolución das canles de relación coa cidadanía e entre profesionais, como o portal xustiza.gal ou a sede xudicial electrónica sede.xustiza.gal. As persoas usuarias disporán dunha Carpeta xustiza para recibir e consultar toda a información que lles afecte. Ao mesmo tempo, integrará servizos de atención cidadá avanzada, como asistentes ou guías virtuais.

A plataforma garantirá a interoperabilidade cos servizos e sistemas estatais, así como cos sistemas do Servizo Público de Xustiza en Galicia. Permitirá tamén o intercambio de información na plataforma de intermediación de datos da Xunta de Galicia pasaXe!.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Investimento de 43 millóns de euros

Esta actuación dá continuidade ao III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025, para a consolidación dixital da xustiza, facela máis próxima á cidadanía con servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades. O plan contou cun investimento de 43 millóns de euros en cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO DESDOBRAMENTO DO TREITO NADELA-A POBRA DE SAN XIAO, QUE CONCLUIRÁ A AUTOVÍA QUE UNIRÁ LUGO E SARRIA

- A intervención será licitada por un importe de preto de 37,4 M€ e permitirá actuar no treito de 13,5 quilómetros do corredor Nadela-Sarria, que se inicia na glorieta de Nadela e finaliza no enlace da Pobra de San Xiao, xa en servizo
- Entre as intervencións singulares previstas están os enlaces do Corgo e Maceda, un cruzamento de vía baixo a autovía A-54, a execución de dous viadutos no río Chamoso e no de Neira ou a ampliación de 13 pasos superiores
- A transformación do corredor, que pasa a ser a autovía AG-22, permitirá acurtar o tempo de viaxe e espérase que arredor de 100.000 persoas usuarias se beneficien deste conxunto viario, que estará limitado a 120 km/h, ademais das persoas transportistas
- O Goberno galego prevé licitar as obras nos días vindeiros, para inicialas no ano 2026

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación da contratación por un importe de 37.381.352 euros das obras da conversión en autovía do treito Nadela-A Pobra de San Xiao, ao seu paso polos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo.

Trátase da conversión en autovía do último treito do corredor Nadela-Sarria (CG-2.2) para completar o desdoblamento. Cómpre lembrar que a primeira fase dos traballos de desdoblamento do corredor en autovía —un total de 9,7 quilómetros entre A Pobra de San Xiao e Sarria— se abriu ao tráfico en novembro do ano 2022, tras investir 25 M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras nos días vindeiros, para poder iniciar a súa execución no ano 2026. As obras contan cun prazo de execución de 30 meses.

As obras para contratar

As obras que se van contratar permitirán executar un novo treito de 13,5 quilómetros de lonxitude, que comeza na glorieta de Nadela e finaliza no enlace da Pobra de San Xiao, xa en servizo. Posibilítase así concluír a autovía que conectará a capital lucense con Sarria.

Segundo o proxecto deseñado pola Axencia Galega de Infraestruturas, a nova calzada executarase paralela á existente sobre a marxe esquerda CG-2.2, en sentido Lugo. A orixe do trazado localízase na glorieta de Nadela, de titularidade estatal, a que tamén conectan as autovías A-6 e A-54, e as estradas N-VI, LU-11 e LU-546.

Entre as intervencións singulares previstas ao longo do trazado definido, destacan os enlaces do Corgo (no punto quilométrico 5+200) e de Maceda (quilómetro 10+500), xa preparados para a sección de autovía, e un cruzamento de vía baixo a autovía A-54 (quilómetro 0+300).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O trazado inclúe a execución de dous viadutos paralelos aos existentes (o do río Chamoso e o do Neira), a ampliación de 13 pasos superiores existentes e a prolongación de 7 pasos inferiores.

Tamén se prevén 11 obras de drenaxe transversal, a execución de dous muros de contención con noiro de desmonte no primeiro quilómetro do trazado e os correspondentes axustes para o correcto enlace entre o treito finalizado e o novo.

Este nova obra para culminar a conversión do corredor Nadela-Sarria nunha vía de alta capacidade, que se denomina AG-22, permitirá acurtar o tempo de viaxe e adiantar sen risco, debido a que contará con dúas calzadas con dous carrís cada unha. Neste sentido, arredor de 100.000 persoas serán beneficiadas deste conxunto viario, que estará limitado a 120 km/h, ademais das persoas transportistas que a utilicen para as súas viaxes de traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA OBRA DE 43 VIVENDAS PÚBLICAS EN VIGO, CO QUE ACTIVA A TOTALIDADE DA EXECUCIÓN DOS INMOBLES DO POLÍGONO 1 DE NAVIA

- Esta nova promoción impulsa a construción dun novo edificio, de 43 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos nunha parcela de 1.407 m², con vivendas de entre 1 e catro dormitorios.
- A Xunta planifica un total de 5.300 vivendas en Vigo, ademais dos 1.600 fogares públicos previstos en Navia, que se consolida como barrio bandeira en Galicia, cun plan de 1.600, dos cales preto de 1.000 xa están en marcha
- A Xunta segue avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

O Goberno galego deulle hoxe o seu visto e praxe á licitación por máis de 7 M€ das obras de construción de 43 vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, Vigo. Con este novo contrato, a Xunta activa a totalidade dos inmobles en execución no polígono 1 deste barrio da cidade olívica.

En concreto, nas vindeiras semana licitarase a execución das obras dun edificio de 43 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos na parcelas M-IVA-16 do polígono 1 de Navia.

Esta parcela ten unha superficie de 1.407 m² e permite a construción dun inmovle de catro plantas, no cal se inclúen baixo, 3 andares e baixo cuberta.

En canto á distribución e usos do edificio, na planta baixa situaranse os portais de acceso, os 43 rochos, 3 cuartos de limpeza, cuartos de instalacións e local de comunidade e reserva de residuos.

No soto, que ocupa toda a parcela, disporase o garaxe con 43 prazas de aparcamento, cuarto de instalacións e alxibe de auga para extinción de incendios.

Nos andares intermedios estarán as 43 vivendas: 4 de 1 dormitorio; 12 de 2 dormitorios, das cales 3 son adaptadas; 23 de 3 dormitorios e 4 de 4 dormitorios.

Navia é un barrio bandeira da Xunta en canto a vivenda pública, onde están en marcha, en diferentes fases, 929 vivendas. Con esta nova licitación de obra o polígono 1 completaría a posta en execución de 352 fogares, que estarían xa en obras o coa obra licitada. No polígono 2 están en redacción de proxecto 577 vivendas, incluídos os 80 aloxamentos compartidos e temporais para menores de 36 anos.

En Vigo, a Xunta planifica un total de 5.300 vivendas, ademais das 1.600 vivendas públicas previstas en Navia, hai que sumar as que se construírán tamén grazas á figura dos proxectos de interese autonómico, por parte de promotores e cooperativas, tanto no ámbito do Ofimático, 2.300, como as preto de 1.400 en Ramón Nieto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego segue avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque publico ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

Infografía do novo edificio do polígono 1 de Navia:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 2,1 M€ Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA DESTINALOS A VIVENDAS CON PROTECCIÓN PERMANENTE

- A principal novidade da convocatoria 2026 é a obriga de cualificar as vivendas como de promoción pública, cualificación que será permanente
- As vivendas adxudicaranse conforme o previsto para as vivendas protexidas
- Incrementábase nun 30 % do importe máximo da axuda por vivenda, que poderá acadar os 65.000 euros (68.000 en determinados casos)
- O Goberno galego dá conta da próxima convocatoria deste programa de axudas exclusivamente autonómicas para mellorar o acceso á vivenda e incrementar o parque público residencial nos concellos de menos de 30.000 habitantes
- O Goberno galego segue apoiando a conservación e rehabilitación dos edificios e das vivendas para mellorar as condicións de vida das persoas que os ocupan, na procura de manter a poboación residente e conservar o patrimonio residencial construído

O Goberno galego deulle hoxe o seu visto e praxe ao Programa de axudas de rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para concellos de menos de 30.000 habitantes. A principal novidade é a obriga de cualificar as vivendas rehabilitadas como protexidas de promoción pública, con cualificación permanente, e a súa adxudicación en réxime de alugamento, de conformidade coa normativa reguladora das vivendas protexidas. Nos casos en que, en aplicación da normativa reguladora, non sexa factible a cualificación, as vivendas deberán adxudicarse en réxime de alugamento a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 3 veces o IPREM. Todas as vivendas deberán destinarse ao réxime de alugamento polo menos durante o período de 15 anos.

Por outra banda, incrementábase o importe máximo das axudas que se concederán para cada vivenda, que pasarán de 50.000 a 65.000 euros con carácter xeral, o que supón un incremento do 30 por cento. A axuda máxima poderá acadar os 68.000 euros se a vivenda se encontra na área Rexurbe, nas áreas de rehabilitación dos Camiños de Santiago e Ribeira Sacra ou nun centro histórico declarado. O importe da axuda poderá acadar o 95 por cento do custe do rehabilitación.

A convocatoria de 2026 estará dotada cun orzamento de máis de 2,1 M€ para os dous anos vindeiros.

A Xunta publicará nas próximas semanas a convocatoria desta liña e prevese o comezo do prazo de presentación de solicitudes na segunda quincena do vindeiro mes de xaneiro e o seu remate o 3 de xullo do 2026, e en todo caso no momento do esgotamento do crédito orzamentario.

O Goberno galego segue apoiando programas de rehabilitación, que teñen por obxecto a conservación e rehabilitación dos edificios e das vivendas construídas para mellorar as condicións de vida das persoas que os ocupan, manter a poboación residente e conservar o patrimonio residencial construído

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 1 M€ PARA TRANSFORMAR NOVE LOCAIS BALEIROS EN CORUÑA E SADA EN 10 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- Trátase de actuar en locais propiedade da Xunta para seguir ampliando o parque público residencial
- Nas vindeiras semanas licitarase por máis de 70.000 euros a redacción do proxecto e dirección de obra para converter catro locais e obter cinco vivendas na Coruña, e transformar cinco locais en outras cinco vivendas en Sada
- O investimento previsto nestas obras estímase en algo máis de 970.000 euros
- A Xunta ten en marcha os proxectos para habilitar 12 vivendas en Narón e 4 en Valdecorvos (Pontevedra) en baixos da súa propiedade
- O Goberno galego segue incrementando o parque de vivenda pública residencial, ao crear máis fogares accesibles a partir de espazos agora en desuso

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da licitación por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas do contrato de redacción do proxecto para a construción de 10 vivendas de promoción pública, para o que transformará locais propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) siutados nos concellos da Coruña e de Sada.

A Xunta contratará, por un orzamento de máis de 70.000 euros, a redacción dos proxectos e dirección de obra, polo que dará continuidade ao compromiso do Goberno galego de adaptar e facilitar a conversión de baixos comerciais baleiros en vivendas en Galicia.

Neste caso, trátase de impulsar a transformación de locais baleiros, propiedade da Xunta e sen ningún tipo de uso na actualidade, para seguir incrementando desde o Goberno galego o parque público residencial de vivenda accesible.

En concreto, na Coruña transformaranse catro locais para obter cinco vivendas e no municipio de Sada actuarase sobre cinco locais para obter outras cinco vivendas.

O investimento previsto pola Xunta nestas obras estímase en algo máis de 970.000 euros.

Nas semanas vindeiras a Xunta licitará este contrato, en dous lotes, cuxo prazo máximo para a redacción dos proxectos será de tres meses.

A Xunta ten en marcha os proxectos para habilitar 12 vivendas en Narón e 4 en Valdecorvos (Pontevedra) en baixos da súa propiedade. O obxectivo do Goberno galego non é outro que incrementar o parque de vivenda pública residencial, para conseguir máis fogares a partir de espazos agora en desuso.

O Goberno galego deu un paso adiante a comezos de 2025 ao modificar a normativa para facilitarlles ás persoas particulares que os locais comerciais poidan transformarse

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en vivendas, e a partir de 2026 segue a dar exemplo coa posta en marcha a partir de 2026 dunha oferta pública de adquisición para comprar baixos desocupados que reúnan as condicións técnicas e xurídicas necesarias e convertelos en fogares con cualificación permanente.

En definitiva, trátase dunha aposta clara do Goberno galego por mobilizar espazos urbanos en desuso e crear vivenda accesible. O primeiro paso será o programa piloto de adquisición pública de locais na cidade de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A CONTRATACIÓN DA REHABILITACIÓN DE SEIS EDIFICIOS PARA CREAR 10 VIVENDAS DESTINADAS A ALUGAMENTO ACCESIBLE EN FERROL E RIBADEO

- A licitación destes contratos dividirase en tres lotes distintos por un investimento global de máis de 3 millóns de euros
- Os inmobles foron adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no marco do Programa Rexurbe, por un importe de máis de 280.000 euros, e están situados nos conxuntos históricos destes concellos
- O Executivo autonómico, ademais, incrementa o parque de vivenda protexida na Comunidade Autónoma, traballa na rehabilitación e na promoción en núcleos históricos, na rexeneración destas entornas e na fixación de poboación nelas

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á contratación das obras de rehabilitación de seis edificios para crear 10 vivendas destinadas a alugamento accesible nos núcleos históricos de Ferrol e Ribadeo.

Este conxunto de actuacións, cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego, sumarán un orzamento global de 3.061.992 euros e realizarase por lotes.

A contratación das obras efectuarse por lotes co obxectivo de rehabilitar estes seis inmobles adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), no marco do programa Rexurbe, por un importe de mais de 280.000 euros.

Todas as vivendas rehabilitadas serán cualificadas como de promoción pública, polo que pasarán a formar parte do parque de vivendas propiedade da Xunta e serán adxudicadas en réxime de alugamento accesible recorrendo ás persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

A Xunta licitará nas vindeiras semanas estes contratos autorizados hoxe polo Executivo autonómico, que se dividirán en tres lotes distintos.

O lote primeiro e o segundo correspóndense coa contratación das obras de rehabilitación integral de tres edificios no municipio de Ferrol. En concreto, no lote primeiro inclúese un edificio localizado na rúa San Francisco, 21, para destinalos a dúas vivendas de dous dormitorios. No lote segundo, tamén en Ferrol, impúlsanse as obras de rehabilitación nun inmoble situado na rúa Rastro, 6, onde se habilitará unha vivenda de catro dormitorios, e noutro edificio localizado na rúa Argüelles, 4, unha vivenda de 3 dormitorios.

O terceiro lote céntrase no concello lucense de Ribadeo e inclúense tres edificios. Dous dos inmobles nos cales se vai a actuar localízanse na rúa Bispo Veres, números 2 e 4, onde se habilitarán dúas vivendas de tres dormitorios; e actuarase noutro edificio situado na rúa Trinidad 32, onde se habilitarán 2 vivendas de 2 dormitorios.

Con este novo contrato o Goberno galego, ademais de incrementar o parque de vivenda de promoción pública na Comunidade Autónoma, segue a traballar mediante a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rehabilitación e a promoción en núcleos históricos, na rexeneración destas contornas e na fixación de poboación nelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A COMPRA DE MEDICAMENTOS DE INMUNOTERAPIA ONCOLÓXICA PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS POR IMPORTE DE 110 MILLÓNS DE EUROS

- Sinala que o contrato, por acordo marco, permitirá a “subministración sucesiva para os centros hospitalarios durante o ano 2026”, cunha posible prórroga por outros doce meses máis
- Apunta a que estes medicamentos “están a revolucionar o tratamento de certos cancros como o de mama ou o de pulmón”
- Lembra que o vindeiro ano será determinante no avance da medicina personalizada, “coa posta en servizo do Centro de Protonterapia de Galicia e o inicio da produción de CAR-T propios no Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas da comunidade”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo galego autorizou na súa reunión de Consello a contratación, mediante acordo marco cun valor estimado de 110.115.091 euros, da “subministración sucesiva dos medicamentos de inmunoterapia oncolóxica para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde durante o ano 2026”. O contrato prevé unha vixencia inicial de doce meses e unha posible prórroga por outros doce meses máis.

Os medicamentos de inmunoterapia oncolóxica, tal e como apuntou Rueda, “están a revolucionar o tratamento de certos cancros como o de mama ou o de pulmón”. Mentres que a quimioterapia tradicional é capaz de destruír as células cancerosas, tamén pode danar células sas causando así efectos secundarios significativos. Pola súa parte, a inmunoterapia oncolóxica actúa activando o sistema inmunolóxico do propio paciente.

Os medicamentos obxecto deste acordo marco recoñecen e destrúen as células cancerosas de maneira máis efectiva e específica, o que significa un cambio de paradigma, pasando de tratamentos agresivos e con moitos efectos adversos, a terapias que potencian a resposta natural do corpo contra o cancro.

Estes medicamentos, polo seu mecanismo de acción, englobanse dentro do ámbito da chamada medicina personalizada, permitindo tratar tipos de cancro que dispoñían de poucas opcións de cura ou control da enfermidade, logrando en moitos casos remisións duradeiras e pacientes longos superviventes.

Coa autorización deste contrato, o Servizo Galego de Saúde mantén o compromiso de incorporar aquela innovación terapéutica que contribúe a mellorar a saúde da cidadanía.

As indicacións de tratamento dos medicamentos que se mercarán inclúen algún dos tipos de cancro de maior prevalencia, entre os que se atopa o de mama e o de pulmón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, na vangarda da medicina personalizada

Galicia leva anos estando á vangarda na medicina personalizada e de precisión. O presidente da Xunta lembrou que o vindeiro ano será determinante nese camiño, coa "posta en servizo do Centro de Protonterapia de Galicia e o inicio da produción de CAR-T propios no Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas da comunidade".

En 2024 creouse o Comité molecular de tumores do Servizo Galego de Saúde, para asesorar no avance da oncoloxía de precisión.

Así pois, o modelo sanitario galego é capaz de incorporar o mellor da ciencia, da tecnoloxía e da experiencia clínica para ofrecer unha atención excelente, adecuada ás necesidades de cada persoa.

Ao respecto, Galicia conta con importantes follas de ruta como a Estratexia de Oncoloxía de Precisión, que impulsa o salto cara á xenómica e ao diagnóstico molecular.

O reto agora é lograr alternativas que sexan eficaces contra a enfermidade e, ao tempo, reduzan o impacto na calidade de vida dos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 4,2 M€ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, DESINFECCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DO HOSPITAL PÚBLICO DE MONFORTE DE LEMOS

- Nos últimos meses o hospital experimentou unha ampliación significativa de áreas destinadas á actividade asistencial, o cal supuxo un incremento substancial da superficie que se debe limpar, que acada os 23.708 m²
- O contrato terá unha duración inicial de tres anos
- O servizo integral de limpeza nos hospitais é unha das medidas máis eficientes á hora de eliminar e romper todas aquelas cadeas epidemiolóxicas que xorden das infeccións, virus e bacterias

O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a contratación do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos intracentro de todos os locais e instalacións interiores e exteriores do Hospital Público de Monforte de Lemos, centro pertencente á área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. O importe de licitación do contrato ascende a 4.291.623 euros por un período de duración de tres anos.

O valor estimado do contrato, coas posibles prórrogas por dous anos máis, acada os 7.093.593 euros.

O servizo integral de limpeza nos hospitais é unha das medidas máis eficientes á hora de eliminar e romper todas aquelas cadeas epidemiolóxicas que xorden das infeccións, virus e bacterias.

Trátase dunha prestación imprescindible que ten como obxectivo proporcionarlles espazos limpos ás persoas usuarias e ao persoal que traballa no centro, para axudar na prevención de enfermidades e na boa imaxe do centro hospitalario.

Ampliación do hospital

Nos últimos meses, o hospital experimentou unha ampliación significativa de áreas destinadas á actividade asistencial, o cal supuxo un incremento substancial na superficie que cómpre limpar. Así, a superficie total que se debe limpar no marco deste novo contrato ascende a 23.708 metros cadrados.

Atendendo á clasificación de tipoloxía de risco, do total da superficie que hai que limpar, 8.496 metros cadrados son de risco baixo; 9.109 metros cadrados son de risco medio e 2.059 metros cadrados son de risco alto. A isto hai que engadir outras zonas, como o aparcadoiro exterior, de máis de 3.500 metros cadrados.

O traballo de limpeza farase sobre a base da Guía de procedementos de limpeza no medio hospitalario, do Servizo Galego de Saúde, así como das recomendacións para a bioseguridade, limpeza e hixiene ambiental incluídas no Plan nacional de resistencia antibiótica, e segundo a Instrución xeral de procedementos de limpeza e desinfección de superficies no Hospital Público de Monforte de Lemos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR 55,6 M€ DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE AÉREO, QUE POR PRIMEIRA VEZ CUBRIRÁ HORARIO NOCTURNO

- Rueda resalta que o 061 contará cun novo helicóptero coa capacidade e tecnoloxía para “atender enfermos de noite e en condicións meteorolóxicas adversas”
- Incrementarase, ademais, o número de horas anuais de prestación do servizo con respecto ao contrato actual
- O contrato, cunha duración de oito anos, permitirá a dotación de aeronaves de maiores prestacións, que aumentan a seguridade e o confort das tripulacións e dos pacientes
- No que vai de ano os helicópteros da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 realizaron máis de 765 mobilizacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou “sacar a licitación o contrato do servizo de transporte sanitario urxente aéreo” da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 por un importe de “55,6 millóns de euros” para os vindeiros oito anos.

Entre as novidades que incorporará o novo contrato destaca que a sanidade pública galega “contará por primeira vez cun helicóptero do 061 dispoñible en horario nocturno, que terá base en Santiago”. Así, a previsión é que, tras un período de transición de 20 meses, a empresa adxudicataria incorpore unha aeronave con capacidade e tecnoloxía “para atender enfermos tanto de noite coma en condicións meteorolóxicas adversas”.

Ademais, o novo contrato de transporte sanitario urxente aéreo suporá un incremento das horas anuais de prestación do servizo.

O transporte e a asistencia sanitaria aéreos inclúe o uso de dous helicópteros, con base en Santiago de Compostela e en Ourense, así como as tripulacións especializadas e a loxística necesaria para o seu desenvolvemento.

O servizo seguirá a estar coordinado pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, quen durante o ano 2024 levou a cabo un total de 846 mobilizacións das aeronaves, para dar unha resposta rápida e axeitada ás urxencias sanitarias na nosa comunidade. Así mesmo, no que vai de ano os recursos aéreos da sanidade pública galega rexistraron 768 mobilizacións.

Estas cifras reflicten a importancia do transporte sanitario aéreo da Xunta, un servizo que constitúe un complemento de especial valor para o sistema sanitario público e para a atención integral dos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Melloras cuantitativas e cualitativas

O novo contrato do servizo de transporte sanitario urxente aéreo incluírá un conxunto de melloras de tipo cualitativo e cuantitativo.

Así, a incorporación dos voos nocturnos a partir do vixésimo primeiro mes de contrato suporá a ampliación do número de horas efectivas anuais deste servizo asistencial.

Neste sentido, o helicóptero con base en Santiago de Compostela, unha vez cumprido ese prazo, verá estendida a súa actividade ao pasar do actual horario de orto a ocaso, ata un servizo de 24 horas continuadas.

Pola súa banda, o helicóptero con base en Ourense contará cun servizo de atención continuada dun máximo de 12 horas.

Entre as melloras de tipo cualitativo que prevé o novo contrato, unha vez finalizado o período de transición, inclúese o uso de aeronaves de maiores prestacións que as actuais, o que aumentará a seguridade e o confort das tripulacións e dos pacientes.

Tamén prevé unha bolsa de horas que permita aumentar o número de horas efectivas de voo; a tramitación da certificación das helisuperficies que permitan o seu uso, tanto diúrno como nocturno, ou o uso de combustible ecolóxico, para favorecer o coidado do medio ambiente.

Ademais, o novo contrato incorpora melloras nas medidas de control da prestación deste servizo e en relación a posibles incumprimentos da operatividade das aeronaves. Establecerá un sistema de penalidades máis severo e proporcional que o actualmente vixente para garantir a mellor prestación do servizo sanitario urxente aéreo aos pacientes que o precisen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COA COMISIÓN FULBRIGHT PARA QUE SEIS MOZOS COMPLETEN A SÚA FORMACIÓN ARTÍSTICA NOS ESTADOS UNIDOS

- O Consello dá luz verde ao convenio polo que o Goberno galego asume máis do 85 % do importe
- Con este acordo, son xa 25 as persoas beneficiarias desde o ano 2020 destas bolsas de ampliación de estudos, estadias e intercambios artísticos no país norteamericano
- A achega está destinada a facer fronte ao pagamento da viaxe, manutención da persoa bolseira, gastos do proxecto, de matrícula, taxas obrigatorias e custos de xestión

A Xunta e a Comisión Fulbright asinan un novo convenio para que seis mozos completen a súa formación artística nos Estados Unidos durante o curso 2026/27. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta, onde se deu luz verde ao convenio, dotado con 301.208 € para realizar o programa.

Deste xeito, ao abeiro deste acordo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achega a esta iniciativa un importe de 259.011 euros, o que supón máis do 85 % do total. Esta cantidade estará destinada aos custos da viaxe, manutención do/da bolseiro/a, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias que poidan existir, así como os derivados das xestións. Pola súa parte, a Comisión Fulbright colaborará economicamente cunha achega de 42.197 euros correspondentes a gastos de cobertura médica e de accidentes dos bolseiros durante a súa estadia no estranxeiro, entre outros.

Cómpre sinalar que Galicia é a única comunidade autónoma cun programa específico para estudos artísticos xunto coa Comisión Fulbright. Neste senso, a colaboración entre ambos os organismos no marco deste convenio suma xa seis anos, nos cales participaron 20 bolseiros realizando proxectos de danza, música, pintura, escultura, deseño, vestiario, moda, teatro ou fotografía nas institucións da súa elección en Massachusetts, California, Nova York, Boston ou Maine, por exemplo.

Poderán participar nesta iniciativa os mozos que teñan conexión con Galicia, por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos e traxectoria profesional, que estean interesados en completar os seus estudos en institucións culturais do país norteamericano. Ademais, deben cumprir os requisitos establecidos na convocatoria correspondente.

Tal e como establece o acordo asinado, a Comisión Fulbright será a encargada de preparar e xestionar a convocatoria e o proceso de selección dos bolseiros. Ademais, farase cargo da xestión de visados e de ofrecer sesións de orientación en España e unha rede de apoio nos Estados Unidos. Así mesmo, os bolseiros poderán participar en seminarios culturais e científicos organizados pola Comisión e, unha vez rematada a súa estadia, formarán parte da rede de antigos bolseiros Fulbright, á cal tamén pertencen artistas como Francisco Leiro, Din Matamoro ou a dramaturga Fefa Noia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través deste convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a contribuír cos obxectivos e fins en materia de formación e intercambio de artistas de Galicia que redunden tanto na mellora da calidade do seu traballo como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Paralelamente, estas accións terán eco na promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galegos, así como doutras que supoñan o recoñecemento dos valores comúns vinculados aos dereitos culturais, a economía vinculada ás industrias creativas e o fomento da universalidade no mundo dixital.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA O INVESTIMENTO NA PRODUCCIÓN GALEGA DE PELÍCULAS E SERIES ATA OS 3,5 M€

- A dotación da convocatoria de 2026 de subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos experimenta un novo incremento de 500.000 euros, un 16,6 % máis que a contía asignada en 2025
- Mantense o impulso do uso do galego, a participación de mulleres en todos os ámbitos e o emprego de recursos e servizos de empresas do país

O Consello da Xunta autorizou hoxe as bases e a próxima publicación, en réxime de concorrência competitiva, da convocatoria de subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos correspondente a 2026, que aumentan a súa dotación un 16,6 % respecto a este 2025 para situarse nos 3,5 M€.

Con esta nova suba, mantense a tendencia ascendente que nos últimos cinco anos vén experimentando o investimento directo do Goberno autonómico na produción galega de películas e series, en consonancia coa intensa actividade que está a rexistrar o sector, así como coa capacidade e o talento que avalan as numerosas seleccións en festivais de prestixio internacional e os premios acadados. *Sirat* é un dos máximos expoñentes deste percorrido internacional, no que tamén destacan outros títulos subvencionados a través desta liña como *Onte á noite conquistei Tebas*, *Decorado*, *Ariel*, *As estacións* ou *As liñas descontinuas*, entre outros.

Trátase da principal liña de investimento á industria audiovisual galega dentro do programa anual de axudas que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude xestiona a través da Axencia Galega das Industrias Culturais para acompañar economicamente as empresas desde o xermolo e o desenvolvemento dos proxectos ata a súa produción, rodaxe, difusión, comercialización e exhibición.

Cinco categorías

As bases establecen cinco categorías de proxectos subvencionables, segundo sexan longametraxes cinematográficas de ficción e/ou animación, de tipo documental, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes ou series para seren emitidas por televisión ou plataformas baixo demanda.

O baremo de puntuación dos proxectos continúa dándolle prioridade ao uso do galego, á participación de mulleres en todos os ámbitos e ao emprego de profesionais, recursos e servizos de empresas galegas. Ademais, os criterios de selección están estreitamente relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, sen menoscabo da calidade dos contidos e o seu potencial de circulación a nivel estatal e internacional.

A finalidade destas condicións reflíctese claramente nos 26 títulos de cinema e televisión, entre os cales a Xunta distribuíu os 3 M€ convocados en 2025. Destacan, entre eles, os proxectos con equipos femininos e o uso maioritario do galego nas versións orixinais. Ademais, oito das longametraxes subvencionadas viñan avaladas pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concesión en anos anteriores das axudas do Goberno galego para a escritura do guión e para o desenvolvemento previo das tarefas de preproducción, de xeito que estas axudas lles facilitan a súa continuidade cara á chegada ás pantallas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA AS SÚAS BOLSAS FORMATIVAS NO INSTITUTO DO CONSUMO E NA COMISIÓN DA COMPETENCIA PARA IMPULSAR A ESPECIALIZACIÓN E INSERCIÓN LABORAL

- O Consello do Goberno galego deu luz verde á convocatoria en 2026 de nove bolsas de 10 meses de duración para persoas con titulación universitaria, oito no Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a outra na Comisión Galega da Competencia
- Dirixidas a persoas con licenciatura ou grao en dereito, as primeiras oito bolsas centraranse nos dereitos dos consumidores e na seguridade dos produtos e desenvolveranse nas oficinas do IGCC das sete cidades galegas
- Canto á novena bolsa, abordará a promoción e a defensa da competencia na Comisión Galega da Competencia e está destinada a persoas formadas en Dereito ou en Económicas ou Administración e Dirección de Empresas
- O obxectivo da Xunta é fomentar a formación práctica e a especialización en materia de consumo e competencia, co gallo de impulsar a incorporación ao mercado laboral, ao tempo que se avanza na defensa das persoas consumidoras e usuarias
- O IGCC verase reforzado en 2026 cun orzamento superior aos 7,5 M€ para consolidar o liderado do Laboratorio de Consumo de Galicia ou o sistema de reclamación dixital a través de código QR que se está a estender por negocios de toda a Comunidade

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a dúas resolucións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a convocatoria en xaneiro de 2026 dun total de nove bolsas formativas de 10 meses de duración no Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e na Comisión Galega da Competencia. Oito das bolsas —que se centrarán nos dereitos das persoas consumidoras e na seguridade dos produtos— distribuiranse entre as oficinas do IGCC nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, onde irán dúas persoas. Mentres, a novena bolsa —en materia de promoción e defensa da competencia— desenvolverase na Comisión Galega da Competencia.

As convocatorias teñen como obxectivo contribuír á formación práctica e especialización en materia de consumo e competencia das persoas con titulación universitaria de licenciatura ou grao, co obxectivo de impulsar a súa incorporación ao mercado laboral, ao tempo que se avanza na defensa das persoas consumidoras e usuarias.

Obxectivos das convocatorias

Co convencemento de que a formación é unha das fórmulas máis efectivas de contribuír á defensa e protección da seguridade das persoas consumidoras e usuarias, as bolsas que se convocarán un ano máis buscan complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos estudos universitarios cunha capacitación práctica que permita afrontar con maiores garantías o futuro profesional. Afóndase así na formación previa ao acceso á vida laboral co adaxo de impulsar a entrada no mercado de traballo.

No caso das primeiras oito bolsas en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, están dirixidas a universitarios do ámbito do dereito. O

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo é facilitar a formación directa de futuros profesionais en materia de consumo e nos mecanismos de protección que se desenvolven na Administración e garantir a defensa das persoas consumidoras, así como a formación, información e educación das persoas consumidoras e usuarias.

Canto á bolsa sobre promoción e defensa da competencia, está orientada a formados en Dereito ou en Económicas ou Administración e Dirección de Empresas. Búscase afondar nas materias obxecto da actividade da Comisión Galega da Competencia, como os mecanismos de protección do correcto funcionamento do mercado existentes para dar cumprimento ao mandato constitucional de promover a liberdade de empresa no marco da economía de mercado.

Cómpre engadir que a formación a través destas bolsas se complementa coa que achega a Escola Galega de Consumo a toda a cidadanía. Integrada no Instituto Galego do Consumo e da Competencia, esta entidade forma cada ano arredor de 20.000 persoas de todas as idades, cunhas 700 actuacións.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia

O impulso destas bolsas formativas enmárcase no labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que se vén caracterizando desde a súa constitución hai 30 anos pola simplificación administrativa, pola gratuidade e pola eficacia na resolución dos conflitos en materia de consumo. Nesa liña, o IGCC verase reforzado en 2026 cun orzamento superior aos 7,5 M€ para continuar garantindo a defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

Entre outros obxectivos, consolidarase o liderado no control de produtos do Laboratorio de Consumo de Galicia —único laboratorio oficial público de consumo en toda España coa acreditación ENAC que avalía a competencia técnica de laboratorios ou entidades de certificación e inspección— e avanza na implantación do sistema de reclamación dixital a través de código QR, unha iniciativa pioneira a nivel estatal que se está a estender por negocios de toda a Comunidade.

Cómpre lembrar que a cidadanía ten á súa disposición o IGCC a través das súas oficinas de atención presencial nas sete principais cidades galegas, vía web ou no teléfono gratuito 900 23 11 23, que funciona das 9,00 ás 14,00 horas e das 17,00 ás 19,00 horas, de luns a venres, para ofrecer información e asesoramento en materia de consumo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E USC MEDIRÁN O IMPACTO DA CADEA MAR-INDUSTRIA NA ECONOMÍA GALEGA CO FIN DE REFORZAR A POSICIÓN DE GALICIA EN EUROPA

- A través de táboas Input-Output que abordarán a dimensión económica deste sector, e cuxos datos serán determinantes na planificación e a toma de decisións nos ámbitos subsectoriais da pesca
- Co 60 % da produción, Galicia é líder na produción conserveira da UE, xerando uns 11.200 empregos directos, dos que o 65 % son mulleres

O Consello da Xunta deu conta este luns do convenio de colaboración da Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a elaboración de táboas Input-Output, destinadas a medir o impacto da cadea mar-industria na economía galega, co obxectivo de reforzar a posición da comunidade en Europa.

A esta actuación, a Administración destinará máis de 132.000 euros, que serán tramitados como anticipo de gasto. O proxecto, coñecido como Tiogal25, desenvolverase ata o 2027, e permitirá a actualización destes datos, que serán determinantes para a planificación e a toma de decisión nos ámbitos subsectoriais da pesca.

A iniciativa xorde da necesidade de actualizar esta información, pois as últimas táboas existentes datan do 2019. Constitúen así unha ferramenta de análise económica e de carácter social indispensable para o coñecemento da realidade do sector, considerado estratéxico para a nosa economía.

Ámbito do estudo

O proxecto analizará seis grandes subsectores produtivos cos conseguintes cuestionarios diferenciados: pesca extractiva (caladoiro nacional, pesqueiras comunitarias e internacionais), minicultura, industria do procesado (conserva e outros transformados, depuración), marisqueo, piscicultura mariña e sector comercializador.

A información obtida terá unha repercusión moi positiva para a cidadanía, pois servirá para poñer en valor a importancia da cadea mar-industria no litoral, a protección da economía local e a salvagarda dun patrimonio cultural e gastronómico. En definitiva, afonda no fortalecemento da cadea mar-industria de Galicia e na riqueza da comunidades costeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PROMOCIÓN DAS CONSERVAS GALEGAS COA SINATURA DUN NOVO CONVENIO CON ANFACO PARA 2026

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cytma para impulsar a comercialización das conservas e produtos transformados do mar durante o exercicio 2026
- O acordo mobiliza 396.880 €, dos que a Xunta achega a metade, destinados a accións de promoción nacional e internacional, dixitalización, presenza en feiras e actividades gastronómicas
- O investimento está cofinanciado nun 70 % polo FEMPA, no marco da prioridade dedicada á mellora da comercialización e promoción de produtos pesqueiros

A Consellería do Mar reforza o seu apoio á industria transformadora galega coa sinatura dun novo convenio con Anfaco-Cytma, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, que permitirá desenvolver durante o ano 2026 un amplo programa de promoción das conservas e produtos transformados do mar. O acordo mobiliza 396.880 euros, dos que a Xunta achega a metade, cofinanciado nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca, e Acuicultura (Fempa), e responde á aposta da Xunta por fortalecer a presenza das conservas galegas nos mercados nacionais e internacionais e por incrementar a súa visibilidade entre o público consumidor.

Ao abeiro deste convenio, realizaranse diversas accións de difusión e posicionamento que inclúen actividades gastronómicas e demostracións culinarias orientadas a poñer en valor a calidade, a versatilidade e o valor nutricional das conservas galegas. Ademais, impulsárase unha campaña dixital especificamente deseñada para reforzar a presenza destes produtos en redes sociais e medios en liña, mediante a creación de contidos audiovisuais e materiais divulgativos que contribúan a consolidar a imaxe de Galicia como referente conserveiro.

O acordo inclúe tamén a participación en feiras profesionais de carácter nacional e internacional, co fin de favorecer encontros comerciais con operadores e cadeas de distribución que permitan abrir novos mercados e fortalecer a exportación. Estas accións complétanse con xornadas profesionais dirixidas ao sector, centradas na modernización, na dixitalización e na mellora da competitividade das empresas conserveiras, polo que se contribuirá a impulsar a súa adaptación aos novos retos do mercado.

A Consellería do Mar subliña que este convenio consolida unha colaboración estable con Anfaco-Cytma e reforza o compromiso do Goberno galego cun sector estratéxico que destaca pola súa capacidade de xeración de emprego, pola súa innovación e pola súa gran proxección internacional. A través deste acordo, Galicia segue avanzando na promoción e valorización dun dos seus produtos insignia, cunha das industrias conserveiras máis fortes e recoñecidas de Europa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON 3,6 M€ OS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DESENVOLVIDOS EN 2025 POLAS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA

- É a terceira convocatoria desta liña de axudas, incluída no período FEMPA, e destinada a perfeccionar, tanto en termos de innovación como de sustentabilidade, a actividade extractiva, a produción dos distintos recursos mariños e a pesca artesanal
- Xunto coas dúas anteriores, estas achegas suman un investimento total de máis de 8,4 millóns de euros
- Como novidade, na de 2025 o Goberno galego pon á disposición das organizacións de produtores pesqueiros de Galicia (OPP) a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 25 % das achegas, eximíndoas da exención da obriga de presentación de garantías

A Xunta de Galicia de Galicia destina 3,6 millóns de euros ao financiamento dos plans de produción e comercialización desenvolvidos en 2025 polas OPP. Trátase da terceira liñas destas axudas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), dirixida a perfeccionar desde a innovación e a sustentabilidade a actividade extractiva, a produción dos recursos mariños e a pesca artesanal. Un esforzo inversor que, sumado ao das dúas edicións anteriores, correspondente ás iniciativas executadas en 2023 e 2024, supera os 8,4 millóns de euros.

O Consello da Xunta deu conta hoxe da exención de garantías, habilitada pola Consellería do Mar, co fin de facilitarlles ás OPP o acceso e a solicitude destas. É unha acción que se aplica á hora de solicitar o anticipo de ata o 25 % do importe para as OPP que teñan aprobados os seus plans de produción e comercialización. Deste xeito, dáse cobertura a unha das necesidades que demandan estas organizacións e que vén derivada do aumento dos custos de explotación, da necesidade de adaptarse ás exixencias ambientais e tecnolóxicas e da elevada carga administrativa e técnica. Por tanto, con esta medida contribúese a reducir a carga financeira asociada a este tipo de financiamento, que en moitos casos implica gastos elevados en forma de xuros e comisións.

Obxectivo

Estas achegas teñen por finalidade fomentar as actividades sostíbeis de acuicultura; impulsar a transformación e comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo á seguridade alimentaria da Unión Europea; promover a comercialización, a calidade e o valor engadido destes alimentos, así como a transformación dos ditos produtos; mellorar a organización do sector; promover as condicións para uns sectores da pesca, da acuicultura e da transformación economicamente viables, competitivos e atractivos; e impulsar o establecemento e funcionamento das propias OPP.

As OPP son fundamentais para garantir o exercicio racional da pesca e da acuicultura e a mellora das condicións de venda da súa produción. Son un mecanismo para a estabilización dos mercados mediante axustes entre a oferta e a demanda, así como unha ferramenta para garantir a renda dos produtores do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actúan como estruturas de coordinación e representación dos intereses dos pescadores e armadores, promovendo a organización do mercado, a planificación da produción e a mellora da calidade dos produtos pesqueiros. O seu labor contribúe directamente aos obxectivos da política pesqueira común da Unión Europea.

A través dos plans de produción e comercialización foméntanse actuacións como o cumprimento da obriga de desembarque e mellora da xestión de especies accesorias e da selectividade das artes, combinándoas con accións innovadoras ou proxectos piloto, e dos recursos por parte dos produtores, polo que se complementa así o apoio á autoxestión e se contribúe á loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDR).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 1,5 PERSOAS ASISTIRON AOS EVENTOS CELEBRADOS ESTE 2025 BAIXO A MARCA CONCERTOS DO XACOBEO

- Nesta edición a Xunta apoiou con 17,5 M€ un total de 188 eventos repartidos por 76 localidades da Comunidade
- O 48 % dos concertos tiveron lugar fóra dos meses de verán
- Entre estas citas están festivais xa consolidados no panorama nacional e internacional, como o Gozo Festival, O Son do Camiño, o Morriña Fest, o PortAmérica, o Resurrection ou o Caudal Fest
- Kings of Leon, Lenny Kravitz, Residente, Duki, Bryan Adams, Anastacia, Nathy Peluso, Alanis Morissette, Marc Anthony, Bryan Adams, Lionel Richie, Juan Luis Guerra, entre outros, actuaron este ano en distintas citas do territorio

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe balance dos concertos do Xacobeo, que comprendeu este 2025 o apoio da Xunta en 188 concertos, ciclos e festivais que chegaron a 76 localidades de toda Galicia, e sumouse unha asistencia global de 1,5 millóns de persoas. A Xunta contribuíu á realización destas citas investindo ao redor de 17,5 M€. Así, aos eventos realizados na provincia da Coruña asistiron 750.000 persoas; aos de Lugo, 210.000; aos de Ourense, 100.000, e aos celebrados na provincia de Pontevedra, 400.000.

O documento recolle tamén como os concertos do Xacobeo contribuíron á desestacionalización da actividade turística e da oferta, xa que 33 eventos foron no primeiro semestre do ano, isto é, o 17 % de todos os eventos foi nese período. Ademais, a partir de setembro realizáronse a maior parte de eventos: un total de 58 (31 %). En total, o 48 % dos concertos tiveron lugar fóra dos meses de verán (xullo e agosto).

Esta proposta de turismo musical contribuíu tamén ao positivo comportamento da actividade turística no primeiro semestre do ano, no cal se rexistraron incrementos de visitantes de 4,3 % en xaneiro, máis dun 3 % en febreiro ou máis dun 6 % en xuño.

Por provincias, os eventos apoiados foron 82 na Coruña; 20 en Lugo; 33 en Ourense e 52 en Pontevedra, distribuídos en localidades e concellos da contorna rural, o que contribuíu a dinamizar economicamente estas áreas. Tamén se colaborou na realización de programacións en territorio nacional e internacional.

Por tipoloxías de eventos, o informe recolle que se apoiaron grandes festivais tanto nas principais cidades galegas como tamén no rural. Entre estas citas están o Gozo Festival, O Son do Camiño, o Morriña Fest, o PortAmérica, o Resurrection ou o Caudal Fest, e a eles únense outras novas iniciativas, como o Festival Jaleo!, entre outras.

Durante o pasado ano, tamén se constatou o interese que esperta a Comunidade galega entre as distintas bandas e artistas nacionais e internacionais, que cada vez se animan máis a actuar en Galicia. Foi o caso de Kings of Leon, Lenny Kravitz, Residente, Duki, Bryan Adams, Anastacia, Nathy Peluso, Alanis Morissette, Marc Anthony, Bryan Adams, Lionel Richie, Juan Luis Guerra, Camilo, Sebastián Yatra, Maná, Estopa, entre outros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

moitos. Tamén se apostou polo talento galego, con artistas como Tanxugueiras, Caamaño&Ameixeiras, The Rapants, Fillas de Cassandra, Herdeiros da Crus, Guadi Galego e Xoel López.

A súa primeira edición foi o Xacobeo 2021-2022, cando se lanzou o selo Concertos do Xacobeo, que deu apoio a máis de 170 eventos patrocinados. A marca foi medrando nestes últimos anos e neste 2025 participaron máis de 1,5 millóns de persoas nos máis de 180 eventos musicais repartidos polo territorio, e facilitouse a desconcentración en preto de 80 localidades diferentes.

Polo tanto, desde que a Xunta de Galicia lanzou a marca Concertos do Xacobeo, estes eventos recibiron un total 4M de asistentes, que acudiron interesados pola oferta de música en directo e artistas de prestixio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O PLAN DIRECTOR DE PATROCINIOS QUE OPTIMIZARÁ E ORDENARÁ A PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2027

- O Consello da Xunta aproba esta nova folla de ruta específica para o Ano Santo que sistematiza os procedementos que se veñen aplicando con éxito no apoio a eventos
- Toma como base a solvencia da experiencia acumulada na xestión deste evento e inclúe unha convocatoria pública para seleccionar proxectos de grande impacto vinculados ao evento que se realicen en 2026, en 2027 ou con impacto no ano 2028
- As propostas serán avaliadas por unha comisión, que valorará, entre outras cuestións e tal e como apuntou Alfonso Rueda, “o impacto cultural, social e económico de cada iniciativa, así como a proporcionalidade e a eficiencia do financiamento público que solicita cada unha”
- “Traballamos con previsión e con plena seguridade xurídica e intentando favorecer a máxima igualdade de acceso”, sinala

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha do Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, a nova medida coa que o Goberno autonómico vai “ordenar e estruturar” os eventos que se patrocinan con fondos públicos vencellados a esta celebración.

Este plan, do que deu conta hoxe o Consello do Executivo autonómico, crea un marco específico para os patrocinios que aplicará a Administración autonómica -a través das consellerías ou entidades competentes en materia turística- asociados ao Xacobeo co obxectivo de “optimizar o gasto, maximizar a complementariedade coa programación cultural e turística que desenvolve a Xunta e fomentar a colaboración público-privada”, explicou Rueda.

Este Plan incorporará un procedemento común que se desenvolverá en fases sucesivas. A primeira, tal e como aputou o presidente da Xunta, será o lanzamento, por parte de Turismo de Galicia, dunha “convocatoria pública á que se poderán presentar propostas de eventos vinculados á programación oficial do Xacobeo 27”, co fin de ser avaliados e, no seu caso, patrocinados pola Xunta conforme ao disposto no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027. A esta convocatoria poderán presentarse operadores económicos con experiencia acreditada na organización e produción de eventos de impacto que presenten tanto iniciativas preparatorias previstas para o ano 2026, as que se celebren no ano 2027 así como aquelas que, pola súa continuidade, poidan estender o seu impacto durante o ano 2028.

As propostas desenvolveranse en todo o territorio galego, cun foco natural nas sete grandes cidades -pola súa capacidade organizativa e infraestruturas-, así como as que contribúan á vertebración territorial, dinamización das contornas rurais ou posta en valor dos itinerarios xacobeos. Do mesmo xeito, contempla de maneira excepcional o apoio a accións fóra de Galicia cando estas contribúan acreditadamente á proxección exterior da Comunidade Autónoma ou cando reforcen a colaboración con territorios polos que discorren itinerarios xacobeos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Música, teatro, cinema, deporte ou investigación

Segundo este Plan e sen prexuízo doutras propostas innovadoras que, respectando os valores do Xacobeo, poidan ser formuladas polos operadores, as liñas básicas de programación que potencialmente poderán ser patrocinadas pola Xunta para formar parte da programación do Xacobeo 27 incluírán eventos urbanos coa celebración de actuacións musicais e artísticas de primeiro nivel, con capacidade para atraer públicos numerosos e xerar un forte impacto mediático e económico. Tamén apoio a festivais profesionais de música, teatro, danza, cinema ou literatura que funcionen como escaparates do talento galego e plataformas de proxección internacional.

Tamén se poderá apoiar eventos singulares de proxección nacional e internacional, de índole cultural e deportiva ou institucional carácter único, capaces de atraer atención mediática global e reforzar o posicionamento de Galicia como destino estratéxico. Do mesmo xeito poderán presentarse a esta convocatoria de eventos potencialmente patrocinados pola Xunta encontros, congresos e foros temáticos, actividades deportivas vinculadas ao Camiño de Santiago que promovan hábitos de vida saudable, vertebración territorial e atracción turística, así como Iniciativas innovadoras e creativas con proxectos que incorporen novas tecnoloxías, formatos inmersivos ou propostas experimentais, capaces de diferenciar a programación galega e proxectar unha imaxe innovadora do Xacobeo.

Fase de avaliación

Alfonso Rueda indicou que, "unha vez recibidas as propostas", entrará a fase de avaliación das propostas por parte dunha "comisión avaliadora que estará integrada por persoal especializado" nas áreas de cultura, turismo, medios e xestión económico-financeira con experiencia contrastada nos ámbitos cultural, turístico, comunicativo ou na xestión de patrocinios, co fin de reforzar a solvencia técnica do proceso de avaliación. Nace para reforzar a liña de traballo do Goberno autonómico en materia de patrocinios garantindo a igualdade de oportunidades e homoxeneidade.

Esta Comisión Avaliadora valorará, entre outras cuestións, "o impacto cultural, social e económico de cada iniciativa, así como a proporcionalidade e a eficiencia do financiamento público que solicita cada unha", indicou Rueda.

Tamén serán criterios de avaliación o impacto reputacional e mediático das propostas, especialmente o impacto internacional que traerá á Comunidade galega; a incorporación de formatos creativos e innovadores, ou a proporcionalidade e eficiencia do financiamento solicitado, entre outras.

"Traballamos con previsión e con plena seguridade xurídica e intentando favorecer a máxima igualdade de acceso", sinalou Alfonso Rueda.

Persoal especializado

A Comisión actuará con base nos seguintes principios: obxectividade, aplicando criterios medibles e previamente establecidos; igualdade de trato, garantindo idénticas condicións para todos os operadores; proporcionalidade e coherencia, asegurando que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as propostas gardan relación directa cos obxectivos do Xacobeo 2027; e trazabilidade, mediante informes fundamentados que dean soporte ás decisións adoptadas.

Unha vez finalizado o proceso de análise e avaliación das propostas, a Xunta disporá da información necesaria para formar a súa vontade contractual e determinar aqueles proxectos que resulten máis idóneos para os fins de patrocinio previstos no marco do Xacobeo 2027. Poderá, así, iniciar unha fase de negociación cos operadores, na que se axustarán os importes provisionais do patrocinio, as condicións de execución, os compromisos de visibilidade institucional e calquera outro aspecto necesario para asegurar a coherencia do proxecto coas prioridades estratéxicas do Xacobeo.

Posteriormente, adoptará a resolución final de selección tomando como referencia o informe da Comisión Avaliadora, e poderá introducir os axustes que resulten necesarios en función das prioridades estratéxicas ou das condicións establecidas na convocatoria. A resolución determinará as propostas seleccionadas coas que, de ser o caso, se poderían formalizar os correspondentes patrocinios e será publicada nos canais oficiais de comunicación institucional.

O novo Plan director de Patrocinios do Xacobeo 2027 posto en marcha pola Xunta indica, ademais, que os patrocinios que se acorde realizar formalizaranse mediante contratos privados de patrocinio publicitario, consonte ao previsto na Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Folla de ruta clara e compartida

Coa posta en marcha desta medida, a Xunta de Galicia avanza na programación do Xacobeo 2027 con ferramentas que permitan ordenar e sistematizar o proceso, dotar de seguridade xurídica e permita traballar con máis previsión, garantindo a igualdade de oportunidades para os operadores e maximizando o impacto social, cultural, turístico e económico da celebración.

Avanza así nunha folla de ruta clara e compartida, que reforza o papel do patrocinio nun mecanismo estratéxico de colaboración público-privada ao servizo do desenvolvemento sostible, da proxección exterior e da cohesión territorial de Galicia. De feito, a experiencia acumulada da Xunta en edicións anteriores do Xacobeo demostra que este evento xera un efecto multiplicador considerable sobre o investimento público, retornando ás arcas públicas e ao conxunto da economía cantidades moi superiores ao gasto inicial. Tamén está acreditado o seu impacto publicitario e mediático, especialmente entre públicos novos e internacionais, o que reforza a utilidade do patrocinio como fórmula de promoción e eficiente e de alto retorno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE CASE 17,4 M€ EN AXUDAS PARA A RECONSTRUCCIÓN DOS CONCELLOS AFECTADOS POLA VAGA DE LUMES

- O Consello deu conta hoxe dun informe sobre as diferentes medidas impulsadas polo Goberno galego para apoiar a cidadanía e os concellos
- En materia de vivenda xa se levan aprobadas achegas por máis de 3,8 M€ e transferidos máis de 3,5 M€
- Medio Rural aprobou 484 axudas para explotacións agrícolas, gandeiras e forestais por un importe de máis de 5,2M€
- A Consellería de Economía e Industria leva concedidas 15 axudas por un importe que supera os 2,2 millóns de euros
- Asináronse acordos con 46 concellos por unha contía de 5 M€ para cubrir os danos en bens municipais e gastos derivados dos traballos de extinción
- A Consellería de Sanidade achegou 80.200 € para financiar as analíticas de control da calidade das augas a través de convenios de colaboración con 23 concellos e 2 comunidades de usuarios
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático recibiu 78 solicitudes e xa concedeu axudas por máis de 995.000 € para reparar infraestruturas de uso público danadas dentro da Rede galega de espazos protexidos e para restaurar Tecores

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe sobre a situación das axudas impulsadas a través de distintas consellerías para a reconstrución dos concellos afectados pola vaga de lumes. En total, concedéronse case 17,4 millóns de euros para apoiar a cidadanía e os concellos en materia de vivenda, explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, negocios ou instalacións municipais, entre outras.

Cómpre lembrar que o paquete de medidas foi aprobado xa no mesmo mes de agosto nun Consello extraordinario o día 29 e publicadas ao día seguinte no *Diario Oficial de Galicia* para que as persoas e entidades beneficiarias puidesen solicitálas de maneira inmediata.

A Consellería de Facenda e Administración Pública estableceu unha liña de axudas ás persoas afectadas polos incendios por falecemento, incapacidade permanente absoluta ou lesións que motiven a hospitalización. Tratábase de atender as súas necesidades máis inmediatas. As axudas outorgáronse, como estaba previsto, de xeito directo debido ao interese público, social e humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorreron. Un total de 6 persoas foron beneficiarias destas axudas, xa aboadas, cun orzamento de máis de 20.000 euros (20.160) para cubrir estadias no hospital que oscilaron entre os 2 e os 80 días.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas tramitou coa máxima premura a resolución das axudas ás persoas afectadas polos incendios forestais deste verán, tal como comprometeu á veciñanza afectada. Xa se levan aprobadas achegas por máis de 3,8 millóns de euros e transferidos máis de 3,5 millóns de euros. A Xunta concedeu concretamente 67 solicitudes: 60 en Ourense por un importe de máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 3,5 millóns de euros e 7 en Lugo por un importe de máis de 270.000 euros. A contía destas achegas pode acadar case 150.000 euros, no caso de vivendas habituais; e no caso de segunda residencia, ata os 66.000 euros.

Desde a Consellería do Medio Rural aprobáronse 484 expedientes por importe de máis de 5,2 millóns de euros. De entre eles, 255 correspóndense con solicitudes para paliar os danos ocasionados nas explotacións agrícolas e gandeiras, e as outras 229 están vinculadas a explotacións forestais.

Cómpre lembrar que desde este departamento se puxeron á disposición das persoas afectadas ata oito liñas de axudas, que cubrirán o 100 % do investimento e que, nalgúns casos, pode chegar aos 200.000 euros por persoa, ben que as liñas son acumulables entre si.

Achega para os centros produtivos e negocios afectados

Pola súa banda, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, impulsou unha liña de axudas directas para apoiar as empresas afectadas pola vaga de incendios deste verán. A convocatoria, destinada a sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, contou cun orzamento inicial de 2 millóns de euros, que agora será ampliado para atender as necesidades detectadas. Así, recibíronse 28 solicitudes, das cales 26 foron validadas e foron concedidas finalmente 15, por un importe global de máis de 2,2 millóns de euros.

Cómpre lembrar que a liña de axudas impulsada desde o Igape permite cubrir ata o 100 % dos danos producidos, conforme a valoración recollida nun informe de taxación, cun límite de 600.000 euros por beneficiario. De xeito excepcional, e atendendo á gravidade dos danos e ao seu impacto socioeconómico, a contía pode ampliarse ata un máximo de 1,5 millóns de euros, especialmente cando estea en risco o mantemento do emprego.

Colaboración cos concellos

Canto á colaboración directa cos concellos, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou acordos de colaboración con 46 concellos por un importe global de cinco millóns de euros, destinados tanto a cubrir os danos nos bens municipais como os gastos derivados das actuacións realizadas polas administracións locais e pola veciñanza que colaborou na extinción. Da contía total, 4,1 millóns de euros destínanse a investimentos en 41 concellos beneficiarios, dos cales 30 recibirán o 100 % do financiamento, e os 900.000 euros restantes, a gasto corrente en 38 concellos, dos cales a 32 se lles cobre a totalidade do custo.

Na actualidade tramitáronse xa os 46 pagamentos correspondentes aos municipios que solicitaron o anticipo da achega, o que suma case 1,5 millóns de euros para investimentos e 900.000 euros para gasto corrente. A meirande parte dos concellos beneficiarios son da provincia de Ourense, con 35. A maiores, tres son da Coruña, outros tres son de Lugo e cinco de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os gastos que se prevé cubrir figuran obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, así como de adquisición de material para a reposición dos servizos afectados. Estas axudas tamén cubrirán os custos de limpeza e restauración ambiental; ou de alugamento, combustible e reparación de maquinaria e vehículos. Ademais, financiaranse os gastos de traslado, aloxamento e mantemento da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos do operativo de extinción, que o concello tivese que asumir.

A Consellería de Sanidade puxo tamén á disposición dos concellos afectados pola vaga de lumes do pasado verán un convenio de colaboración para subvencionar, desde a Administración autonómica, os custos extraordinarios dos labores de autocontrol das augas de consumo humano. En total, a Xunta subscribiu convenios de colaboración con 23 concellos e 2 comunidades de usuarios, e achegoulles un total de 80.200 euros para o control da calidade das augas de consumo.

Estas axudas enmárcanse no Plan de autocontrol reforzado das augas de consumo humano por mor dos incendios forestais para os operadores dos abastecementos posto en marcha pola Consellería de Sanidade. O convenio inclúe o financiamento das análíticas realizadas polos concellos e comunidades de usuarios nas primeiras semanas e nos tres meses posteriores á extinción dos lumes.

Pola súa parte, o corpo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública da Consellería de Sanidade executou labores de vixilancia e asesoramento a todos os municipios da provincia de Ourense afectados e no mes de setembro realizáronse máis dun cento de visitas a estas zonas de abastecemento.

Achegas a varios TECOR

En canto ás dúas ordes de axudas convocadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, recibíronse un total de 78 solicitudes: 62 por parte de entidades e concellos titulares de terreos cinexeticamente ordenados (TECOR) que resultaron afectados polos incendios deste verán e 16 de entidades locais e montes veciñais en man común con infraestruturas públicas danadas dentro da Rede galega de espazos protexidos.

En concreto, das 62 correspondentes para axudas en Tecores xa se resolveron 59 (o 95,1% do total), cun importe concedido de preto de 604.000 euros.. E das 16 solicitudes para intervir e reparar elementos en espazos naturais baixo algunha figura de protección, como sendas, pasarelas, miradoiros, carteis ou mobiliario de áreas recreativas, concedéronse a totalidade das axudas presentadas, que suman máis de 391.600 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ O PRÓXIMO ANO 2 M€ A IMPULSAR PROXECTOS MUNICIPAIS FRONTE AO QUECEMENTO GLOBAL E A LOCALIZAR E HABILITAR REFUXIOS CLIMÁTICOS

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicará a comezos de 2026 a segunda convocatoria das axudas dirixidas a apoiar ás entidades locais no impulso de solucións verdes e naturais para prever os riscos derivados do cambio climático
- Subvencionaranse intervencións en espazos públicos para mitigar o efecto illa de calor, como a creación de zonas de sombra naturais ou microclimas con láminas de auga, a instalación de xardíns verticais e tellados verdes, a mellora das conexións urbanas e a identificación e restauración de zonas refuxio para a biodiversidade
- Os concellos interesados poderán pedir asesoramento técnico para solicitar estas achegas, que cubrirán ata o 80% dos custos cun máximo de 60.000 € por proxecto

A Xunta de Galicia destinará o próximo ano 2 millóns de euros a promover a execución de distintos proxectos municipais e doutras iniciativas pioneiras a nivel local co obxectivo común de ofrecer solucións fronte aos riscos derivados do quecemento global así como para identificar e crear espazos urbanos que actúen como refuxio climático tanto para a poboación como para a biodiversidade.

En concreto, o Consello foi informado de que a comezos de 2026 se convocarán de novo as axudas dirixidas a apoiar aos concellos na posta en marcha en espazos urbanos e periurbanos de intervencións baseadas na natureza e no aproveitamento dos seus recursos para prever e adaptarse ao cambio climático.

Cun orzamento previsto para o próximo ano que chegará ata os 2 millóns de euros, cómpre subliñar que, por segundo ano consecutivo, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático apostará por estas axudas co obxectivo de seguir avanzando na loita contra o cambio climático da man das entidades locais. De feito, como administración máis próxima á cidadanía, os concellos son un actor clave desde o punto de vista da acción climática xa que os seus esforzos e logros na escala local teñen efectos moi positivos tamén a nivel global.

Con esta nova convocatoria, a Xunta reforzará a súa colaboración coas administracións locais para fomentar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento das infraestruturas verdes e á conectividade dos espazos naturais periurbanos. O obxectivo é incrementar a biodiversidade deste tipo de zonas, mellorar a súa conservación, favorecer a adaptación ao cambio climático, mellorar a calidade ambiental e crear espazos máis saudables.

Ademais, tamén van dirixidas a ofrecer recursos aos concellos cos que levar a cabo actuacións de identificación e de adecuación de refuxios climáticos, entendidos como espazos cunha relativa estabilidade e condicións ambientais favorables que os converten en lugares idóneos para combater as altas temperaturas e ofrecer protección á poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para conseguilo, poderán optar ás axudas aqueles proxectos presentados de forma individual por calquera concello galego que aposten por algunha das actuacións enmarcadas nas dúas liñas subvencionables definidas na propia convocatoria. A Xunta cubrirá ata o 80% dos gastos, cun límite de 60.000 euros por proxecto e un máximo de tres solicitudes por cada entidade local.

No marco da liña 1, destinada a axudar aos concellos na aplicación de solucións naturais para a prevención de riscos asociados ao cambio climático, subvencionaranse intervencións en espazos públicos orientadas a atenuar o chamado efecto illa de calor, que fai que en certas áreas urbanas a temperatura sexa máis alta que nas zonas rurais próximas debido a unha combinación de factores relacionados coas infraestruturas e a actividade humana e industrial, ou a reforzar a biodiversidade e as zonas verdes urbanas.

Neste grupo encaixarían, por exemplo, iniciativas de sombreado natural en rúas e prazas coa plantación de árbores, preferiblemente autóctonas; intervencións para reducir a impermeabilidade do solo e aumentar a drenaxe; a creación de microclimas co recurso a láminas de auga, que reducen a temperatura e combaten a calor; a implantación de xardíns verticais e cubertas verdes en infraestruturas públicas; a restauración de zonas húmidas ou a mellora da conexión entre medio urbano e periurbano mediante sendas.

Así mesmo, a liña 2 irá dirixida a apoiar iniciativas locais de identificación e adecuación de refuxios climáticos, de xeito que os concellos poidan facer estudos técnicos que lles permitan localizar estas zonas nos seus territorios ou identificar corredores ecolóxicos que reforcen o papel natural dos refuxios. Tamén se subvencionarán obras concretas que axuden a cumprir esta función, incluídos traballos de restauración en zonas degradadas pero con potencial para reter ou acoller a biodiversidade.

Cómpre lembrar que no marco da primeira convocatoria destas axudas, concedéronse 42 achegas a 36 concellos por un importe global de 2 millóns de euros co fin de executar diferentes tipos de proxectos para previr os riscos do cambio climático.

Entre un 40% e un 70% das emisións GEI

Tendo en conta que nas áreas urbanas se xeran entre un 40% e un 70% de todas as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), resulta fundamental dotar as cidades de espazos e pulmóns verdes como parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas que repercutan na redución das emisións á atmosfera e na mellora da calidade de vida da cidadanía, tanto polos beneficios que reportan para a saúde como para as relacións sociais ao ser estas zonas tamén un espazo de encontro e lecer colectivo.

A liña de axudas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático vai nesta mesma dirección e facilitará aos concellos o financiamento necesario para preparar as súas zonas urbanas ante os riscos do quecemento global e adaptalas aos seus efectos.

Cada concello poderá presentar un máximo de tres proxectos e para orientalos coas súas propostas e solicitudes, a Xunta porá á súa disposición a oficina de asesoramento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da Rede local polo clima, que naceu en 2024 para coordinar as actuacións cos concellos e aproveitar sinerxías na loita contra o cambio climático.

De feito, estas axudas concíbense como un instrumento básico para impulsar esta rede e consolidar a posición de Galicia como a comunidade española máis resiliente tras reducir as súas emisións netas nun 61,7% desde 1990, ano de referencia a nivel mundial para as políticas climáticas, contribuíndo á vez a que siga avanzando cara ao obxectivo de acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040, incluído no proxecto da Lei do clima que se atopa actualmente en tramitación no Parlamento galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PRESENTARÁ ALEGACIÓNS Á NOVA PLANIFICACIÓN ELÉCTRICA 2025-2030 DO GOBERNO CENTRAL, QUE APENAS RESERVA UN 2,8 % DO INVESTIMENTO TOTAL PARA GALICIA

- Asegura que contar “cunha infraestruturas modernas e adaptadas ao tecido produtivo” é fundamental “para o desenvolvemento económico das comunidades”
- A Xunta reclama incrementar o volume de investimento ata alcanzar como mínimo o 6,7% para garantir as necesidades enerxéticas dos proxectos industriais
- A conselleira de Economía e Industria lamenta que “se condene o desenvolvemento industrial” dalgunha partes do territorio, onde non se contemplan melloras na rede
- O Goberno galego pide coñecer a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, imprescindible para poder elaborar unha planificación industrial para os vindeiros anos
- Rueda lamenta que dos 13.122 M€ de investimento previstos en toda España, Galicia só recibe uns 215 para novas actuacións
- O Estado sacrifica o futuro industrial de Lugo ao carecer de infraestruturas de transporte eléctrico para a zona central e oeste da provincia
- A proposta freará o desenvolvemento económico de comarcas como a de Ferrolterra e A Coruña, así como a de Curtis-Teixeiro

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Executivo autonómico “vai presentar alegacións” á proposta de planificación da rede de transporte eléctrica para o período 2025-2030 presentada polo Estado o pasado mes de outubro xa que “apenas reserva un 2,8% do investimento total para Galicia”.

Rueda resaltou que as comunidades necesitan “infraestruturas eléctricas modernas e adaptadas á realidade actual do tecido industrial e ao crecemento previsto no futuro”. Nesta liña, lembrou que contar con estas instalacións “é fundamental para o desenvolvemento económico das comunidades”.

A vixente planificación da rede de transporte para 2021-2026 xa discriminou a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento en redes fronte ao 6,7% no período anterior (2015-2020). Agora, a nova proposta amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria polo baixo investimento reiterado que se prolongará como mínimo máis dun lustro.

Así, pese a que Galicia precisa máis capacidade para a evacuación de enerxía renovable e de consumo coa finalidade de dar resposta ás demandas dos proxectos industriais, Rueda lamentou que dos 13.122 millóns de euros destinados na nova planificación eléctrica 2025-2030, “o Goberno central tan só asigna a Galicia arredor de 367 millóns de euros do investimento total, é dicir, un 2,8%”, porcentaxe moi por debaixo da súa achega ao mix eléctrico (8,8%).

Ademais, deses 367 millóns, o Ministerio tan só reserva 215 para acometer novos investimentos ou actuacións, é dicir, un 1,6% do total de fondos a nivel estatal. O resto correspóndese con investimentos non executados da planificación vixente de maneira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que unha parte moi importante dos investimentos do Goberno arrástranse da planificación actual.

Deste xeito, Rueda advertiu que se poñen en risco “máis dunha ducia de proxectos industriais declarados estratéxicos” para o desenvolvemento industrial da comunidade, como a planta de produción de metanol verde prevista en Mugardos (Triskelion) ou a central de bombeo reversible CHR Meirama, ambas actuacións na provincia da Coruña. Ademais, a planificación esquece o crecemento que deberá experimentar a demanda enerxética en Galicia nos vindeiros anos nun actual contexto de electrificación da economía mundial que é imprescindible para a súa descarbonización.

Por iso, tal e como explicou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, a Xunta vai reclamar “máis capacidade de consumo e evacuación” e que a nova planificación “non condene o desenvolvemento económico en determinadas zonas da comunidade” como é o caso de Lugo que “queda absolutamente desatendida salvo na zona norte”.

A conselleira -que lamentou que o investimento previsto “sexa claramente inferior ao que lle corresponde a Galicia”- lembrou, ademais, que a planificación “chega tarde” xa que cos trámites aínda pendentes, as obras das novas infraestruturas non se iniciarán “antes de 2028 ou 2029”.

O Goberno galego rexistrará mañá un documento de alegacións no que reclamará o incremento dos investimentos en Galicia ata lograr como mínimo o 6,7 % e recorda que a consecuencia directa desta discriminación é que non se atenden todas as necesidades enerxéticas das iniciativas industriais proxectadas para os vindeiros anos. De feito, as actuacións incluídas no borrador da planificación do Estado para o horizonte 2030 representan algo menos de 2.000 MW (1.899), malia que o Goberno galego tiña solicitado máis de 8.000 MW de capacidade.

Así mesmo, solicita coñecer a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, que se considera imprescindible para poder elaborar unha planificación industrial para os vindeiros anos, ao condicionar a localización na que se poderán implantar novos proxectos industriais.

Freo ao desenvolvemento de Lugo e das comarcas da Coruña e Ferrol

A Xunta tamén reclamará maior investimento nas comarcas de Ferrol e da Coruña, onde non hai novos reforzos para as zonas declaradas de transición xusta tras o peche decretado polo Estado das centrais térmicas.

Estas dúas demarcacións territoriais contan, ademais, con diferentes proxectos industriais a desenvolver. Trátase de iniciativas que, de saír adiante -no caso da de Ferrol- permitirían impulsar o seu desenvolvemento económico e convertela nun polo de atracción industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A incorporación de novas infraestruturas de transporte para a zona central e o oeste da provincia de Lugo é outra das alegacións que presentará a Xunta, xa que segue sen dispoñer de ningunha subestación, o que frea o seu futuro industrial.

Tal é como xa denunciou o Goberno galego en canto coñeceu o contido do borrador, a falta de investimentos nestas dúas zonas impide dar solución a través da rede de transporte ás necesidades enerxéticas de calquera proxecto cun consumo relativamente elevado na zona e o asentamento dunha mediana ou grande empresa.

Curtis-Teixeiro, sen posibilidade de novos desenvolvementos

A Xunta tamén instará ao Estado a incorporar nos plans para os vindeiros anos novas infraestruturas naquelas zonas que carecen delas e que contan cunha demanda real. É o caso da zona de Curtis-Teixeiro, con solo empresarial e gran interese en desenvolver proxectos de hidróxeno verde ou centros de datos e para a que o borrador non inclúe unha solución técnica.

Proxectos de bombeo reversible

No documento de alegacións requirírase, así mesmo, investimento para asegurar a capacidade de evacuación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, entre elas, as de almacenamento e as vinculadas coa eólica mariña. Trátase de iniciativas para as que o propio Goberno central reclamou o seu desenvolvemento, pero que agora non contempla no borrador malia ser necesarios para seguir favorecendo a penetración de renovables no mix enerxético e avanzar na descarbonización.

Por outra banda, solicitarase un reforzo dos nós onde existen proxectos de bombeo reversible. Cómpre lembrar que na actualidade están proxectadas centrais de bombeo reversible deste tipo en Mazaricos, Lousame, A Cañiza, Cartelle, O Saviñao e Entrimo.

En definitiva, a proposta do Ministerio pode supor un freo ao desenvolvemento industrial de Galicia, xa que unha gran parte das actuacións recollidas na proposta para a Comunidade van dirixidas ao reforzo da seguridade e estabilidade do sistema e apoio ás redes de distribución, pero non á conexión de novos proxectos industriais, tal e como teñen solicitado a Administración galega e o propio sector e como volverá a reclamar a Xunta coa presentación do documento de alegacións ao borrador analizado hoxe.

Ademais, cómpre lembrar que a achega galega ao PIB sitúase en torno ao 5,2% e a cifra de investimento na Comunidade galega para redes de transporte eléctrica segue estando lonxe do 6,7 % do período 2015-2020, do 2,5 % do período 2021-2026 e moito máis lonxe aínda da que se prevé para o horizonte 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA INTERSECCIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA NA PO-255 EN COVELO

- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras nas vindeiras semanas, por preto de 227.000 €, co obxectivo de executalas no vindeiro ano
- Trátase de intervir na intersección en T entre esta vía autonómica e a estrada provincial EP-5104, o que dará maior visibilidade ao vehículos nos xiros á esquerda, reforzará a seguridade viaria e fará máis cómoda a circulación
- Resólvese así a intersección cun xiro á esquerda, pero ampliando a plataforma para engadir un carril central de espera.
- O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sostible

O Consello da Xunta acordou hoxe a contratación das obras para a mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico 31+540 da estrada autonómica PO-255, no concello de Covelo.

Trátase de intervir na intersección en T entre esta vía autonómica e a estrada provincial EP-5104, o que dará maior visibilidade ao vehículos nos xiros á esquerda, reforzará a seguridade viaria e fará máis cómoda a circulación. Tamén se inclúe o reforzo do firme dun treito da PO-255.

Entre obras que se inclúen na licitación autorizada hoxe polo Executivo autonómico para a mellora da intersección entre a vía autonómica e a provincial está a ampliación da plataforma da PO-255 nesta contorna. Resólvese así a intersección cun xiro á esquerda, pero ampliando a plataforma para engadir un carril central de espera.

No quilómetro 0+050 da PO-255 prevese habilitar unha “bágoa” que permita o cambio de sentido aos vehículos que veñen de ambas as estradas en sentido decrecente.

Na intervención proxectada inclúese, ademais, a execución dun carril de espera entre os puntos quilométricos 0+080 e 0+095, que dá acceso a un ramal directo de nova execución cara á EP-5104. No espazo morto executarase un illote.

O único movemento non incluído no proxecto de trazado, tampouco permitido na actualidade, é o cambio de sentido na PO-255, en sentido de avance.

Nesta intervención tamén se inclúe o reforzo do firme dun treito da PO-255.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras nas semanas vindeiras, por un importe de preto de 227.000 €, co obxectivo de executalas no próximo ano. A intervención ten un prazo de execución de 4 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis segura e sostible.

Planta de actuación do contrato das obras autorizadas hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FOLGA NACIONAL CONTRA O ESTATUTO MARCO CAUSOU NOS CATRO DÍAS A SUSPENSIÓN DE CASE 1.100 CIRURXÍAS, DAS CALES O SERGAS XA REPROGRAMOU CASE O 54 % PARA ESTA SEMANA

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre toda a actividade suspendida durante os catro días de folga que acada os preto de 60.000 procesos asistenciais, diagnósticos e terapéuticos
- En total, suspendéronse 1.086 cirurxías, 2.917 probas diagnósticas, 27.800 consultas hospitalarias e 27.218 consultas de atención primaria
- O esforzo de planificación en coordinación coas xerencias e equipos directivos das áreas sanitarias permitiu asegurar a actividade urxente, as prioridades 1 e os procesos da lei de garantías de actividade cirúrxica, consultas e probas nos días de paro
- O esforzo organizativo do Servizo Galego de Saúde tamén está a permitir reprogramar as cirurxías suspendidas o antes posible, prevéndose atender a práctica totalidade antes de que remate o ano
- O seguimento da folga acadou o seu pico máximo o pasado venres na quenda de mañá, cando chegou ao 22,5 % de seguimento
- O Goberno galego insta ao Ministerio de Sanidade a seguir negociando un texto do Estatuto Marco que satisfaga ás partes implicadas e evite os novos paros nacionais previstos no mes de xaneiro

A folga nacional contra o Estatuto Marco promovido polo Goberno central causou, nos catro días de duración, do martes 9 de decembro ao xoves día 12, a suspensión de case 1.100 cirurxías, das cales o Servizo Galego de Saúde xa reprogramou para a esta semana o 54 % e ten previsto reprogramar a práctica totalidade antes de que finalice o ano.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o impacto e as consecuencias sobre a actividade asistencial diagnóstica e terapéutica suspendida no Servizo Galego de Saúde por mor do paro nacional contra o texto do Estatuto Marco impulsado polo Ministerio de Sanidade e que está a xerar rexeitamento entre os profesionais sanitarios.

Tal e como recolle o informe abordado hoxe no Consello da Xunta, segundo os datos reportados polos xerentes das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a actividade suspendida durante os catro días de folga acada os preto de 60.000 procesos asistenciais, diagnósticos e terapéuticos.

Máis concretamente, suspendéronse un total de 1.086 cirurxías, 2.917 probas diagnósticas, 27.800 consultas hospitalarias e 27.218 consultas de atención primaria, o que suma un total de 59.021 procesos suspendidos nestes catro días de paro.

Cómpre remarcar que o Servizo Galego de Saúde, en previsión do impacto que ían ter estas 4 xornadas de paro, unidas ao fin de semana previo e a un festivo, e a outro fin de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

semana posterior, e tendo en conta o momento especialmente complicado por mor da onda de gripe, en aumento, e polas festas do Nadal, fixo un enorme esforzo de planificación e de organización.

Así o Servizo Galego de Saúde adoptou de forma anticipada as medidas de planificación necesarias para garantir a atención sanitaria á poboación, establecendo medidas organizativas extraordinarias para optimizar os recursos, incrementar a eficiencia e asegurar a asistencia prioritaria nos tempos axeitados.

Paralelamente, desde a Consellería de Sanidade intensificouse a actividade da campaña de vacinación fronte á gripe outras infeccións respiratorias agudas, co fin de incrementar os niveis de protección da poboación e reducir así a necesidade de asistencia sanitaria e as hospitalizacións asociadas a estas doenzas propias do inverno.

Máis concretamente, o esforzo de planificación realizado en coordinación coas xerencias e equipos directivos das sete áreas sanitarias permitiu garantir a actividade urxente, a programación das prioridades 1 e os procesos da lei de garantías de actividade cirúrxica, consultas e probas, tamén nos días de paro.

O esforzo organizativo do Servizo Galego de Saúde tamén está a permitir unha áxil reprogramación das cirurxías suspendidas o antes posible, en función da súa prioridade. Para esta mesma semana conseguíronse reprogramar, concretamente, xa 584 operacións, o 53,78 % das suspendidas, prevéndose atender a práctica totalidade antes de que remate o ano.

Seguimento dos paros

O seguimento da folga foi moito máis acentuado na quenda de mañá que na de tarde e foi experimentando un lixeiro incremento día a día: foi do 18,24 % o martes pola mañá; do 21,25 % o mércores; do 21,7 % o xoves e acadou o 22,5 % o venres na quenda de mañá.

O conselleiro de Sanidade, xunto co xerente do Servizo Galego de Saúde e o director xeral de Asistencia Sanitaria mantivo encontros telemáticos de traballo cos xerentes das áreas sanitarias para facer seguimento do impacto da folga nacional contra a reforma do Estatuto Marco promovida polo Goberno central.

A Xunta insta ao Ministerio de Sanidade a seguir negociando un texto do Estatuto Marco que satisfaga ás distintas partes e evite os novos paros nacionais convocados para o mes de xaneiro, que suporían graves consecuencias en termos asistenciais e de tempos de espera.